

**DEPUTACIÓN PROVINCIAL**

**DA CORUÑA**

**Acta da sesión ORDINARIA  
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL  
o 25 de abril de 2008**

**Orde do día** dos asuntos que se van tratar na sesión PLENARIA ORDINARIA que se celebrará o vindeiro venres, día 25 de abril de 2008, ás DOCE HORAS.

## **ASUNTOS**

### **Actas**

1.-Aprobación da acta da sesión anterior, nº 4/08, do 28 de marzo.

2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 2.301 á nº 3.850, de 2008.

### **Economía, Facenda e Especial de Contas**

3.-Ampliación da delegación de competencias en materia tributaria polo Concello de Cee.

### **Cooperación e Asistencia aos Concellos**

4.-Aprobación da modificación da distribución interna do financiamento dos investimentos incluídos no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal e da Rede viaria local, anualidade 2008.

5.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Pavimentación do núcleo de Redes” do Concello de Ares, incluída no Plan de obras e servizos (POS) 2006. Código 06.2100.0015.0.

6.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Pav. do Camiño Laranxeira e outros” (Pavimentación e reurbanización de camiños municipais) do Concello de Fene, incluída no Plan de obras e servizos (POS) 2006. Código 06.2100.0134.0.

7.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Travesías rúa real” do Concello de Neda, incluída no Plan de obras e servizos (POS) 2007. Código 07.2100.0240.0.

8.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Acondicionamento do camiño Seixo-Naveira-Campo” do Concello de Vilasantar, incluída no Plan de cooperación provincial (PCP) 2007. Código 07.3100.0295.0.

9.-Aprobación da modificación dos proxectos das obras “Pavimentación de camiño en Traba, Mandaio, Cutián e outro”, código 08.2100.0098.0, e “Pavimentación de camiño en Probaos, Loureda e outro”, código 08.2100.0099.0, do Concello de Cesuras, incluídas no Plan de obras e servizos (POS) 2008.

10.-Toma de coñecemento do informe emitido o 4 de abril de 2008 polo equipo desta deputación encargado de realizar o “Plan de control interno dos proxectos de gasto

incluídos no Programa operativo local 2002-2006”, sobre a realización das verificacións previstas no artigo 4 do Regulamento CE 438/2001 da Comisión.

### **Infraestruturas viarias: vías e obras provinciais**

11.-Aprobación técnica do proxecto que integrará a 14ª relación do Plan de vías provinciais 2006-2008, de acordo co programa de investimentos de vías provinciais 2006-2008 (MELLORA DE SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 5404 DE XUBIA Á PRAIA DA FROUXERIA. ANDEN PEONIL PK 0+530 AO 1+280 (NARÓN)) e solicitude á Xunta de Galicia de declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola execución das citadas obras.

12.-Aprobación técnica do proxecto que integrará a 13ª relación do Plan de vías provinciais 2006-2008, de acordo co programa de investimentos de vías provinciais 2006-2008 (ENSANCHE, MELLORA DE TRAZADO E AFIRMADO DA E.P. 4603 DE MELIDE A RIVADULLA DO PK 0+000 10+340 (MELIDE E SANTISO) e solicitude á Xunta de Galicia de declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola execución das citadas obras.

13.-Concesión de prórroga ao Concello de Brión para a presentación da documentación a que se refire a base 3.2 do Texto refundido das bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos para executar os proxectos que se han de incluír e as distintas fases do Plan de travesías provinciais 2004-2007, relativa á obra Código 0711300006.0 Travesía do Vilar na E.P. 1301 da Gándara á Amencida PK 5+800 ao PK 6+470 e na E.P. 1302 Negreira a Urdilde PK 5+470 ao PK 5+600 Vilar (Brión).

14.-Aprobación do proxecto reformado de ensanche e acondicionamento da EP 3614 da Gándara ao QM 3 da Estr. Ferrol - Cedeira PQ 0,000 ao 2,61 Narón.

15.-Proposta ao Pleno da Corporación, relativa á resolución de nota de reparos da Intervención Xeral e de aprobación da factura nº 140/07 de ESPINA OBRAS HIDRÁULICAS, S.A. en concepto de traballos efectuados nas obras “MELLORAS NO SEDIMENTADOR DA ETAP DE SABÓN (ARTEIXO)” por importe de 101.160,84 €.

16.-Ratificación da RP 1884/2008 relativa á aprobación do proxecto reformado da obra do Concello de Cabana, modificado de cambio de trazado EP-1404 e mellora de trazado e ampliación de plataforma da Estr. 14-001 (Dombate - Fontefría) na zona de protección da E.P. do Dolmen de Dombate e o seu contorno (Código da obra 0544000001.0) incluído no Plan de protección do patrimonio arqueolóxico provincial (DOLMEN DE DOMBATE) 2004-2005.

17.-Aprobación do proxecto reformado ensanche e mellora de seguridade viaria da EP-

6702 do Colo de Arca á Aldea Vella PK 0-2,5, incluída na primeira fase do Plan de vías provinciais 2007. Código 07.1110.0001.1

### **Plans Especiais, Medio Ambiente, Contratación e Equipamento**

18.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Rampla e aseos do centro social de Albixoi” do Concello de Mesía, incluída na 2ª fase da anualidade 2006 do Plan especial de eliminación de barreiras arquitectónicas. Código: 06.3230.0056.0.

19.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Aseos e accesos aos centros sociais de Olas e Mesía” do Concello de Mesía, incluída na 2ª fase da anualidade 2006 do Plan especial de eliminación de barreiras arquitectónicas. Código: 06.3230.0058.0.

20.-Proposta de prórroga do convenio para financiar as obras de construción dun centro socio-cultural e de usos múltiples na parroquia de Santa María de Castro en Cabo de Cruz, prevista no convenio de colaboración co Concello de Boiro.

21.-Aprobación do Prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto (con multiplicidade de criterios de valoración) das obras comprendidas nos plans provinciais.

22.-Aprobación do Prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto (cun único criterio de valoración: factor prezo) das obras comprendidas nos plans provinciais.

23.-Aprobación do Prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberá de rexer para a contratación mediante procedemento negociado das obras comprendidas nos plans provinciais.

24.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e a “Fundación Xeito Novo de Cultura Galega”, da República Arxentina, para financiar o proxecto Emig-2008.

25.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Padroado da Cultura Galega de Montevideo (Uruguai) para colaborar no financiamento de obras e equipamentos para a nova sede da entidade.

26.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e a “Asociación pro dereitos da infancia Addis-Galicia”, para a ampliación dun orfanato en Etiopía.

27.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e Caixa Galicia coa Secretaría Xeral de Relacións Exteriores da Xunta de Galicia, para a execución dunha campaña institucional para a sensibilización da poboación galega

[acerca da cooperación ao desenvolvemento e as actuacións da Dirección Xeral de Cooperación Exterior da Xunta de Galicia.](#)

### **Promoción Económica, Emprego e Turismo**

[28.-Modificación do cadro de actuacións da primeira, segunda e terceira anualidade do PDT de Produto Turístico Ferrol-Ortegal.](#)

[29.- Incorporación da Deputación á Fundación Terra de Trasancos e aprobación dos Estatutos da Fundación.](#)

### **Persoal e Réxime Interior**

[30.-Modificación do cadro de persoal e relación de postos de traballo ano 2008.](#)

[31.-Acordo entre a Excma. Deputación da Coruña e as organizacións sindicais presentes na Mesa Xeral de Negociación de empregados públicos sobre o exercicio da actividade sindical no ámbito da Excma. Deputación Provincial da Coruña.](#)

[32.-Regulamento regulador da selección de persoal funcionario, interino e laboral temporal da Deputación Provincial da Coruña.](#)

ACTUACIÓN DE CONTROL

MOCIÓN

[ROGOS E PREGUNTAS](#)



DONA SILVIA SEIXAS NAIA	BNG
DONA MARÍA DEL PILAR SOUTO IGLESIAS	PSOE
DONA ÁNGELES VÁZQUEZ MEJUTO	PP
DONA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS	BNG
DON JESÚS VEIGA SABÍN	PP
DON RAMÓN EDUARDO VELOSO RODRÍGUEZ	PSOE
DON PABLO VILLAMAR DÍAZ	BNG

Non asiste o Sr. Cobián Fernández de la Puente.

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e cinco minutos, o Sr. Secretario xeral procede á lectura dos asuntos incluídos na orde do día, tocante aos cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

### **1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 4/08, DO 28 DE MARZO.**

Apróbase a acta da sesión anterior, nº 4/08, do 28 de marzo.

### **2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 2.301 Á Nº 3.850, DE 2008.**

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pol Presidencia, da nº 2.301 á nº 3.850, de 2008.

### **3.-AMPLIACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN MATERIA TRIBUTARIA POLO CONCELLO DE CEE.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a ampliación de competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Cee en relación coa seguinte materia:

- Delegación na Deputación Provincial da Coruña a competencia para a recadación voluntaria e executiva da taxa por entrada de vehículos dende a vía pública aos edificios, locais e solares e das reservas da vía pública para aparcamento, carga, descarga e outras actividades.

- Delegación na Deputación Provincial a competencia para a recadación voluntaria e executiva da taxa por prestación de servizos nos cemiterios municipais.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

#### **4.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DA DISTRIBUCIÓN INTERNA DO FINANCIAMENTO DOS INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL E DA REDE VIARIA LOCAL, ANUALIDADE 2008.**

#### **INTERVENCIONS**

Sr. Gacio Vázquez

Moitas grazas, Sr. Presidente, Sras. e Sres. Deputados, o Grupo Provincial Popular vai aprobar este punto número catro, xa que entendemos que se modifican dúas obras en Ferrol e Padrón por unha observación do MAP e que se financian con fondos propios do plan POS.

#### **ACORDO**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Logo do escrito recibido do Ministerio de Administracións Públicas por medio do cal se presta conformidade, cunha observación, ao Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal e da rede viaria local 2008, e a o seu Plan complementario, que se aprobou por acordo plenario desta Deputación o 29 de febreiro de 2008, no marco do establecido no Real decreto 835/2003 do 27 de xuño, modificado polo Real decreto 1263/2005 do 21 de outubro.

Analizada a observación que contén o citado escrito, relativa ás obras nº 130 e 255 dos concellos de Ferrol e Padrón respectivamente, en relación coas cales se presentan dúbidas sobre a natureza das actuacións a realizar.

Tendo en conta que existe a posibilidade de realizar axustes internos da distribución do financiamento das obras incluídas no POS 2008, de forma que sen



variar a relación de actuacións incluídas nin as cifras globais do financiamento entre as distintas administracións cofinanciadoras, se modifique internamente a distribución do seu financiamento entre as distintas administracións cofinanciadoras.

1.- Modificar a distribución interna do financiamento das obras nº 130 e 131 do Concello de Ferrol, e 254 e 255 do Concello de Padrón, motivado polas dúbidas presentadas sobre a natureza do gasto a executar nas obras nº 130 e 255. A rectificación interna consiste en eliminar das obras nº 130 e 255 a subvención estatal, e incrementar na mesma medida a achega provincial, polo que se manterá invariables a achega municipal e o orzamento total das obras. Reciprocamente realizase a operación inversa nas obras nº 131 do Concello de Ferrol e 254 do Concello de Padrón, de forma que se incremente a achega estatal polo importe eliminado, respectivamente, nas obras nº 130 do Concello de Ferrol e 255 do Concello de Padrón, e se minore na mesma contía a achega da deputación realizada con cargo a fondos propios.

Todo iso na forma en que deseguido se indica:

Distribución do financiamento inicial:

Concello	Código	Denominación	MAP	Dep. Préstamo	Dep. F. Propios	Concello	Total
Ferrol	08.2100.0130.0	Sust. servizos vivendas sindicais Serantes	16.833,34	40.469,68	58.789,00	93.059,92	209.151,94
	08.2100.0131.0	Pav. beirarrúas centro formación tramo S. Familia	20.239,14	48.657,70	70.683,47	111.888,25	251.468,56
TOTAL			37.072,48	89.127,38	129.472,47	204.948,17	460.620,50

Concello	Código	Denominación	MAP	Dep. Préstamo	Dep F. Propios	Concello	Total
Padrón	08.2100.0254.0	Asf.pistas Escravitude -AC-242 Agronovo	6.480,06	15.578,95	22.631,05	10.088,60	54.778,66
	08.2100.0255.0	Abast. poligono industrial Pazos	6.653,02	15.994,78	23.235,10	10.357,88	56.240,78
TOTAL			13.133,08	31.573,73	45.866,15	20.446,48	111.019,44

Distribución do financiamento modificado:

Concello	Código	Denominación	MAP	Dep. Préstamo	Dep. F. Propios	Concello	Total
Ferrol	08.2100.0130.0	Sust. servizos vivendas sindicais Serantes	0,00	40.469,68	75.622,34	93.059,92	209.151,94
	08.2100.0131.0	Pav. beirarrúas centro formación tramo S. Familia	37.072,48	48.657,70	53.850,13	111.888,25	251.468,56
TOTAL			37.072,48	89.127,38	129.472,47	204.948,17	460.620,50

Concello	Código	Denominación	MAP	Dep. Préstamo	Dep. F. Propios	Concello	Total
Padrón	08.2100.0254.0	Asf.pistas Escravitude -AC-242 Agronovo	13.133,08	15.578,95	15.978,03	10.088,60	54.778,66
	08.2100.0255.0	Abast. poligono industrial Pazos	0,00	15.994,78	29.888,12	10.357,88	56.240,78
TOTAL			13.133,08	31.573,73	45.866,15	20.446,48	111.019,44

Con estas modificacións mantense no plan a totalidade dos investimentos aprobados e non se alteran os importes totais das achegas dos distintos axentes cofinanciadores.

2.- Dispoñer a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

3.- Remitir o expediente para informe da Subdelegación do Goberno en Galicia para os efectos previstos no art. 29.2.) da Lei 6/1997 do 14 de abril de organización e funcionamento da administración xeral do Estado.

4.- Remitir o expediente para informe da Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais.

5º Remitirlle o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación prevista na Lei de administración local de Galicia.

6º Unha vez transcorrido o indicado prazo de 10 días de exposición pública e remisión para informe, sen que se presentasen reclamacións ou alegacións, considerarase definitivamente aprobada a modificación do plan.”

#### **5.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “PAVIMENTACIÓN DO NÚCLEO DE REDES” DO CONCELLO DE ARES, INCLUÍDA NO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (POS) 2006. CÓDIGO 06.2100.0015.0.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o proxecto reformado da obra “Pavimentación do núcleo de Redes” do Concello de Ares, incluída no POS 2006. Código: 06.2100.0015.0, cuxos datos deseguido se indican, que aínda que non representa unha variación no seu orzamento total, nin cambia o seu obxecto, implica unha alteración do contido do proxecto ao modificar o trazado da pavimentación dentro do mesmo lugar (núcleo de Redes).”

<b>Código</b>	<b>Concello</b>	<b>Denominación</b>	<b>Deputación F. Propios</b>	<b>Deputación Préstamo</b>	<b>Estado</b>	<b>Concello</b>	<b>Orzamento Total</b>
06.2100.0015.0	Ares	Pavimentación núcleo de Redes	17.521,35	17.954,20	6.289,04	7.609,94	49.374,53

#### **6.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “PAV. DE CAMIÑO LARANXEIRA E OUTROS” (PAVIMENTACIÓN E REURBANIZACIÓN DE CAMIÑOS MUNICIPAIS) DO CONCELLO DE**

**FENE, INCLUÍDA NO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (POS) 2006. CÓDIGO 06.2100.0134.0.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o proxecto reformado da obra **"Pav. de camiño Laranxeira e outros"** (Pavimentación e reurbanización de camiños municipais), (código:06.2100.0134.0) do Concello de Fene, incluída no POS 2006 cun orzamento de contrata de 207.295,99 €, que non representa variación no seu orzamento total, nin varía a finalidade da obra, pero si implica cambios internos nas súas partidas orzamentarias por un importe superior ao 30%.”

<b>Código</b>	<b>Concello</b>	<b>Denominación</b>	<b>Deputación F. Propios</b>	<b>Deputación Préstamo</b>	<b>Estado</b>	<b>Concello.</b>	<b>Presuposto Total</b>
06.2100.0134.0	Fene	Pav. camiño Laranxeira e outros	51.402,12	52.671,94	18.450,06	84.771,87	207.295,99

**7.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “TRAVESÍAS RÚA REAL” DO CONCELLO DE NEDA, INCLUÍDA NO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (POS) 2007. CÓDIGO 07.2100.0240.0.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o proxecto reformado da obra "Pavimentación de travesías Rúa Real (código:07.2100.0240.0) do Concello de Neda, incluída no POS 2007, cun orzamento de contrata de 56.052,55 €, que aínda que non supón a modificación do seu orzamento total nin cambio do obxecto nin da finalidade da obra, si implica variacións internas no proxecto que superan o 30% do orzamento total da obra.”

<b>Código</b>	<b>Concello</b>	<b>Denominación</b>	<b>Deputación F. Propios</b>	<b>Deputación Préstamo</b>	<b>Estado</b>	<b>Concello.</b>	<b>Orzamento Total</b>
07.2100.0240.0	Neda	Pavimentación de travesías Rúa Real	22.897,46	22.364,97	7.987,49	2.802,63	56.052,55

**8.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “ACONDICIONAMENTO DO CAMIÑO SEIXO-NAVEIRA-CAMPO” DO CONCELLO DE VILASANTAR, INCLUÍDA NO PLAN DE COOPERACIÓN PROVINCIAL (PCP) 2007. CÓDIGO 07.3100.0295.0.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a modificación do proxecto da obra “Acondicionamento do camiño Seixo - Naveira - Campo” do Concello de Vilasantar, incluída no Plan de cooperación provincial 2007, (código: 07.3100.0295.0) que non representa variación no seu orzamento pero si unha alteración do contido do proxecto ao modificarse o

acondicionamento de dous dos seus trazados parciais polo acondicionamento doutro camiño dentro da mesma zona.”

<b>Código</b>	<b>Concello</b>	<b>Denominación</b>	<b>Deputación f.p.</b>	<b>TOTAL</b>
07.3100.0295.0	Vilasantar	Acondicionamento camiño Seixo - Naveira - Campo	42.707,31	42.707,31

**9.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DOS PROXECTOS DAS OBRAS “PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑO EN TRABA, MANDAIO, CUTIÁN E OUTRO”, CÓDIGO 08.2100.0098.0, E “PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑO EN PROBAOS, LOUREDA E OUTRO”, CÓDIGO 08.2100.0099.0, DO CONCELLO DE CESURAS, INCLUÍDAS NO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (POS) 2008.**

### INTERVENCIONS

Sr. Gacio Vázquez

Moitas grazas, Sr. Presidente. Neste punto nós imos dar a nosa aprobación, o Grupo Provincial Popular, porque non supón incremento orzamentario e porque ademais está xustificado que se inclúe nun plan da Consellería de Medio Rural.

### ACORDO

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar as modificacións dos proxectos das obras “Pavimentación de camiño Traba, Mandaio, Cutián e outro”. Código: 08.2100.0098.0 e “Pavimentación de camiño en Probaos, Loureda e outro”. Código: 08.2100.0099.0, do Concello de Cesuras, incluídas no Plan de obras e servizos (POS) 2008, que non representan variación no seus orzamentos totais nin cambian o seu obxecto pero implican unha alteración do contidos dos proxectos ao substituírse neles un dos trazados parciais da pavimentación por outro dentro da mesma zona.”

<b>Código</b>	<b>Concello</b>	<b>Denominación</b>	<b>Deputación F. Propios</b>	<b>Deputación Préstamo</b>	<b>Estado</b>	<b>Concello.</b>	<b>Orzamento Total</b>
08.2100.0098.0	Cesuras	Pavimentación camiño Traba, Mandaio, Cutián e outro	19.514,92	13.433,86	5.587,81	2.028,25	40.564,84
08.2100.0099.0	Cesuras	Pavimentación camiño en Probaos, Loureda e outro	26.292,80	18.099,67	7.528,55	2.732,69	54.653,71

**10.-TOMA DE COÑECEMENTO DO INFORME EMITIDO O 4 DE ABRIL DE 2008 POLO EQUIPO DESTA DEPUTACIÓN ENCARGADO DE REALIZAR O “PLAN DE CONTROL INTERNO DOS PROXECTOS DE GASTO INCLUÍDOS**

**NO PROGRAMA OPERATIVO LOCAL 2002-2006”, SOBRE A REALIZACIÓN DAS VERIFICACIÓNS PREVISTAS NO ARTIGO 4 DO REGULAMENTO CE 438/2001 DA COMISIÓN.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

”Visto o informe emitido o 4 de abril de 2008 polo equipo desta deputación encargado de realizar o “Plan de control dos proxectos de gasto incluídos no Programa operativo local 2002-2006”, sobre a realización das verificacións dispostas no artigo 4 do Regulamento CE 438/2001 da Comisión.

1.- Tomar coñecemento do contido do citado informe emitido o 4 de abril de 2008, que afecta aos pagamentos feitos dende o 1 de outubro de 2007 até o 31 de decembro de 2007.

Neste informe indícase que se fixeron as verificacións precisas segundo as listaxes de comprobación facilitadas pola Dirección Xeral de Fondos Comunitarios, que inclúen en todo caso as seguintes comprobacións:

- 1.- Que os gastos son elixibles e fixéronse dentro do período de elixibilidade.
  - 2.- Que están relacionados efectiva e directamente co proxecto aprobado.
  - 3.- Que as condicións do POL respectáronse do xeito adecuado.
  - 4.- Que os produtos ou servizos cofinanciados subministráronse.
  - 5.- Que as normas relativas ás axudas estatais, á protección do medio natural e á igualdade de oportunidades respectáronse.
  - 6.- Que a normativa nacional e comunitaria en materia de mercados públicos (contratación) respectáronse.
- 2.- Remitir o presente acordo ao Ministerio de Administracións Públicas para os efectos do seu traslado aos órganos de seguimento do Programa operativo local.”

**11.-APROBACIÓN TÉCNICA DO PROXECTO QUE INTEGRARÁ A 14ª RELACIÓN DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2006-2008, DE ACORDO CO PROGRAMA DE INVESTIMENTOS DE VÍAS PROVINCIAIS 2006-2008 (MELLORA DE SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 5404 DE XUBIA Á PRAIA DA FROUXERIA. ANDEN PEONIL PK 0+530 AO 1+280 (NARÓN)) E SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA DE DECLARACIÓN DE URXENTE OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA EXECUCIÓN DAS CITADAS OBRAS.**

**INTERVENCIONS**

Sr. Gacio Vázquez

Neste punto, o Grupo Provincial Popular considera que é un tema único e exclusivamente de seguridade viaria, o cal nós aplaudimos cun orzamento de 196.797 euros, e unha partida para expropiacións de 18.553, co cal damos a nosa aprobación.

### ACORDO

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Modificar o acordo plenario nº 15 do 30-6-2005 no sentido de incluír no PROGRAMA DE INVESTIMENTOS DE VÍAS PROVINCIAIS 2006-2008 as obras incluídas no proxecto que se relaciona:

TITULO DO PROXECTO	ORZAMENTO DA OBRA
MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 5404 DE XUBIA Á PRAIA DA FROUXEIRA. ANDEN PEONIL PK 0+530 AO 1+280 (NARON)	196.797,69
totais	196.797,69

A citada modificación condicionarase á existencia de crédito adecuado e suficiente na anualidade correspondente e á súa aprobación definitiva.

- Aprobar tecnicamente os proxectos que integrarán a DÉCIMO CUARTA RELACION DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2006-2008, de acordo co PROGRAMA DE INVESTIMENTOS DE VÍAS PROVINCIAIS 2006-2008 aprobado polo Pleno da Corporación en sesión plenaria celebrada o 30 de xuño de 2005 . A citada aprobación condicionarase á existencia de crédito adecuado e suficiente na anualidade correspondente e á súa aprobación definitiva.

TITULO DO PROXECTO	ORZAMENTO DA OBRA	ORZAMENTO PARA COÑECEMENTO DA ADMINISTRACIÓN (PREVISIÓN PARA EXPROPIACIÓNS)
MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 5404 DE XUBIA Á PRAIA DA FROUXEIRA. ANDEN PEONIL PK 0+530 AO 1+280 (NARON)	196.797,69	18.553,02
totais	196.797,69	18.553,02

- Expor ao público o citado proxecto mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de 10 días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, consideraranse definitivamente aprobados.

- Solicitar á Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dea lugar a realización das obras de conformidade co artigo 52 da Lei de expropiación forzosa e Orde do 7 de decembro de 1983 da Consellería da Presidencia e con base nos informes que constan no expediente, tendo en conta que existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución das citadas obras, tales como que:

TITULO DO PROXECTO	RAZONS QUE MOTIVAN A URXENTE OCUPACIÓN
MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 5404 DE XUBIA Á PRAIA DA FROUXEIRA. ANDEN	O presente proxecto trata de definir a totalidade das actuacións necesarias para a correcta execución das obras de construción dunha plataforma peonil na E.P. 5404 P.K. 0,53 ao 1,28 (NARÓN). A actuación de ensanche e acondicionamento da estrada E.P. 5404 comprende as

PEONIIL PK 0+530 AO  
1+280 (NARON)

seguintes actuacións:

- Mellora das condicións de accesibilidade peonil mediante construción de plataforma peonil de 2,00 m de ancho na marxe esquerda da calzada deixando unha beiravía de 0,25 m de ancho, e separado desta por un bordo pintado de amarelo colocado de forma descontinua (1-0-1-0).

Como consecuencia dos requisitos funcionais que se acaban de describir, faise necesaria a execución dunha serie de actuacións entre as que se destacan:

- Construción de varios muros de contención
- Execución de terrapléns e desmontes
- Saneamento de 1,00 m de profundidade

Constrúese a canalización pero non se proxecta a iluminación da vía

Reporase o tramo de rede de saneamento que se afecte con tubaxe de PVC de 315 mm

As augas superficiais recolleranse a través de imbornais que conectarán coa rede de pluviais proxectada con tubaxes tamén de PVC baixo a plataforma peonil. Estas tubaxes posuirán un diámetro de 315 mm. A rede complétase coa adaptación das embocaduras (actualmente en aletas) das ODT existentes para a drenaxe transversal.

- A intensidade media do tráfico aumentou nestes últimos anos.
- Co novo trazado preténdese proporcionar maior seguridade aos peóns á hora de circular pola estrada, todo iso tendo en conta que a estrada transcorre por zonas poboadas e con accesos por ambas as bandas a outras estradas e pistas de parcelaria

Todo iso coa fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.

- Someter a información pública o expediente de expropiación para a execución das obras MELLORA DE SEGURIDADE VIARIA NA C.P. 5404 DE XUBIA Á PRAIA DA FROUXEIRA. ANDEN PEONIL PK 0 530 ao 1 280 (NARON) mediante a publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia cun prazo de quince días para reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado se estas non se producen.”

## **12.-APROBACIÓN TÉCNICA DO PROXECTO QUE INTEGRARÁ A 13ª RELACIÓN DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2006-2008, DE ACORDO CO PROGRAMA DE INVESTIMENTOS DE VÍAS PROVINCIAIS 2006-2008 (ENSANCHE, MELLORA DE TRAZADO E AFIRMADO DA E.P. 4603 DE MELIDE A RIVADULLA DO PK 0+000 10+340 (MELIDE E SANTISO) E SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA DE DECLARACIÓN DE URXENTE OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA EXECUCIÓN DAS CITADAS OBRAS.**

### INTERVENCIONES

#### Sra. Vázquez Mejuto

Bos días, Sr. Presidente, deputados e deputadas, neste punto simplemente quería agradecer que vaia agora a aprobación deste proxecto, trátase dunha vella reivindicación, non só política, senón tamén veciñal, vai supoñer eliminar a inseguridade, tanto para os viandantes como para os condutores, que había ata agora, un proxecto que estivo paralizado ao longo dun tempo, no cal se meteron varias mocións desde o Concello de Melide na miña época de alcaldesa, agradecervos que vaia agora e que vai supoñer, ademais, un incentivo para o desenvolvemento

económico de dous núcleos do interior de Galicia como é Melide, e tamén Santiso, xa que ata agora, máis que unha vía de comunicación que propiciase este desenvolvemento, era un obstáculo. Grazas no nome dos veciños de Melide, tamén nos de Santiso.

### ACORDO

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“- Modificar o acordo plenario nº 15 do 30-6-2005 no sentido de incluír no PROGRAMA DE INVESTIMENTOS DE VÍAS PROVINCIAIS 2006-2008 as obras incluídas no proxecto que se relaciona:

TITULO DO PROXECTO	ORZAMENTO DA OBRA
DA E.P. 4603 DE MELIDE A RIVADULLA DO PK 0+000 10+340 (MELIDE E SANTISO)	1.836.341,85

A citada modificación condicionarase á existencia de crédito adecuado e suficiente na anualidade correspondente e á súa aprobación definitiva.

- Aprobar tecnicamente os proxectos que integrarán a DÉCIMO TERCEIRA RELACION DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2006-2008, de acordo co PROGRAMA DE INVESTIMENTOS DE VÍAS PROVINCIAIS 2006-2008 aprobado polo Pleno da Corporación na sesión plenaria celebrada o 30 de xuño de 2005 . A citada aprobación condicionarase á existencia de crédito adecuado e suficiente na anualidade correspondente e á súa aprobación definitiva.

TITULO DO PROXECTO	ORZAMENTO DA OBRA	ORZAMENTO PARA COÑECEMENTO DA ADMINISTRACIÓN (PREVISIÓN PARA EXPROPIACIONES)
ENSANCHE E MELLORA DE TRAZADO E AFIRMADO DA E.P. 4603 DE MELIDE A RIVADULLA DO PK 0+000 10+340 (MELIDE E SANTISO)	1.836.341,85	611.754,35
totais	1.836.341,85	611.754,35

- Expor ao público o citado proxecto mediante anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de 10 días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, consideraranse definitivamente aprobados.

- Solicitar á Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dea lugar a realización das obras de conformidade co artigo 52 da Lei de expropiación forzosa e Orde do 7 de decembro de 1983 da Consellería da Presidencia e con base nos informes que constan no expediente, tendo en conta que existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución das citadas obras, tales como que:

TITULO DO	RAZONS QUE MOTIVAN A URXENTE OCUPACIÓN
-----------	--



PROXECTO	
<p>ENSANCHE E MELLORA DE TRAZADO E AFIRMADO DA E.P. 4603 DE MELIDE A RIVADULLA DO PK 0+000 10+340 (MELIDE E SANTISO)</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Actualmente a estrada ten unha sección estreita, ata de menos de 5 metros nalgunhas zonas.</li> <li>- En moitas zonas non existen cunetas ou perderon a súa funcionalidade debido á falta de mantemento.</li> <li>- Hai varias zonas cunha densidade de edificación maior que dificulta o encaixe dunha ampliación, pero en xeral a estrada discorre por zonas rurais, con poucos accesos a vivendas, o que facilita o seu ensanche.</li> <li>- Existen dous tramos con característica urbanas, con calzada máis ancha e en mellor estado. O primeiro desde o pk 0 000 ao 0 590 na contorna de Melide. O segunda entre o pk 8 260 ao 8 520 preto do desvío cara a Visantoña. A formulación en ambos os casos pasa por non actuar sobre a plataforma existente, dado que xa ten un ancho de 8 metros ou máis cun firme en estado aceptable.</li> <li>- Proxéctase unha plataforma de 8 metros de ancho, cunha calzada de dous carrís de 3,50 metros de ancho e unha beiravía de 0,50 a cada lado</li> <li>- Proxéctase a sinalización e defensas: pintado de marcas viarias, colocación de sinais verticais, instalación de barreiras de seguridade tipo dobre onda. O criterio que se vai empregar para colocar as barreiras de seguridade será o da altura do noiro, colocaranse cando a altura do noiro sexa maior de 1,5 metros.</li> <li>- Drenaxe: Inclúe o perfilado e refino de cunetas, a execución de pasos salvacunetas mediante canos prefabricados de formigón e de diferentes diámetros en obras de drenaxe transversal. No paso sobre o rego da Fonsagrada substituirase o pontón actual por un cano prefabricado de formigón de 1500 mm de diámetro, superficie para evacuar as augas para unha avenida de 500 anos de período de retorno. Exponse as obras de drenaxe de entrada e saída necesarias (embocaduras con aletas) e arquetas de recollida de augas en cuneta. Naqueles casos nos que existan obras de drenaxe transversal actualmente, procurarase ampliar a lonxitude necesaria para que a funcionalidade se manteña.</li> <li>- Á hora de realizar o trazado e dado que se atopa nalgúns tramos no seu percorrido entre edificacións existentes, conseguíuse que non se expropie vivenda ningunha. Doutra banda, está formado por aliñacións curvas en S para proporcionar unha conducción cómoda e segura dada a importante pendente do tramo</li> <li>- Optimizáronse as rasantes na medida do posible, sen comprometer economicamente nin ambientalmente cun volume de terras desproporcionado</li> <li>- Na actualidade a estrada presenta unhas dimensións reducidas, cun firme en mal estado e nalgunhas zonas de trazado as curvas teñen un radio moi pequeno.</li> <li>- Preténdese mellorar a comunicación entre os correspondentes núcleos.</li> <li>- A existencia de camiños e estradas que acceden con interseccións mal acondicionadas e perigosas. Acondicionaranse co fin de dotalas de maior visibilidade.</li> <li>- Co novo trazado preténdese proporcionar maior seguridade aos peóns á hora de circular pola estrada e permitir o estacionamento circunstancial de vehículos, todo iso tendo en conta que a estrada transcorre por zonas poboadas e con accesos por ambas as bandas ás pistas de parcelaría .</li> <li>- A intensidade media do tráfico que aumentou nos últimos anos</li> </ul>

Todo iso coa fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.

- Someter a información pública o expediente de expropiación para a execución das obras ENSANCHE E MELLORA DE TRAZADO E AFIRMADO DA E.P. 4603 DE MELIDE A RIVADULLA DO PK 0 000 10 340 (MELIDE e SANTISO) mediante a publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia cun prazo de quince días para as reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado se estas non se producen.”

### **13.-CONCESIÓN DE PRÓRROGA AO CONCELLO DE BRIÓN PARA A PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN A QUE SE REFIRE A BASE 3.2 DO**

**TEXTO REFUNDIDO DAS BASES DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E OS CONCELLOS PARA EXECUTAR OS PROXECTOS QUE SE HAN DE INCLUÍR E AS DISTINTAS FASES DO PLAN DE TRAVESÍAS PROVINCIAIS 2004-2007, RELATIVA Á OBRA CÓDIGO 0711300006.0 TRAVESÍA DO VILAR NA E.P. 1301 DA GÁNDARA Á AMENCIDA PK 5+800 AO PK 6+470 E NA E.P. 1302 NEGREIRA A URDILDE PK 5+470 AO PK 5+600 VILAR (BRIÓN).**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Conceder un prazo de 20 días a contar desde a notificación do presente acordo para que o Concello de Brión remita a documentación da base 3.2. DO TEXTO REFUNDIDO DAS BASES DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E OS CONCELLOS PARA EXECUTAR OS PROXECTOS QUE SE HAN DE INCLUÍR NAS DISTINTAS FASES DO PLAN DE TRAVESÍAS PROVINCIAIS 2004-2007 e que literalmente di:

*3.2.-Adopción de acordos polos concellos.-Os concellos no prazo de 40 días naturais contados dende a data de recepción dos proxectos remitidos pola deputación, deberán enviarlle á deputación a seguinte documentación:*

*A.1) Certificación acreditativa da dispoñibilidade dos terreos necesarios para executar as obras incluídas no proxecto de travesías.*

*A.2) No suposto de que non dispoñan dos terreos necesarios para executar as obras, o concello deberá adoptar o correspondente acordo plenario onde conste expresamente o compromiso de aboarlle á deputación, dentro do prazo máximo de 3 meses contados dende o requirimento da deputación, de todas as cantidades que por calquera caso teña que aboar a deputación como consecuencia dos trámites necesarios para adquirir os terreos, incluídos os correspondentes expedientes de expropiación, tanto en fase de prezo xusto determinada pola deputación, como polo xurado de expropiación ou por xuíces e tribunais da orde xurisdiccional contencioso-administrativa, facultando á deputación para que perciba os importes correspondentes mediante compensación ou con cargo ás entregas a conta e liquidacións derivadas da xestión de recadación exercida pola deputación por delegación do concello.*

*Para estes efectos o proxecto técnico aprobado na programación inicial conterà unha valoración estimada do custo das adquisicións ou expropiacións necesarias. A dita valoración terá carácter medianamente orientativo por canto o compromiso municipal deberá alcanzar o importe efectivo e real que finalmente deba aboarse pola adquisición dos terreos necesarios para executar as obras incluídas no proxecto.*

*B) Certificación do Pleno da Corporación municipal na que consten os seguintes acordos:*

*a) Aprobación do proxecto e autorización á deputación para executar as obras facendo constar que contan con todas as autorizacións e permisos necesarios para a súa execución.*

*b) Conformidade coas presentes bases.*

*c) Compromiso de aceptación da entrega das obras unha vez recibidas pola deputación, polo que se asumen os gastos de conservación, reposición, mellora e mantemento dos servizos e instalacións das travesías.*

*d) Delegación no alcalde-presidente para formalizar o correspondente convenio.*

Todo iso para os efectos de sometelo, unha vez cumprido o trámite da remisión da documentación, novamente ao Pleno da Corporación para a súa aprobación provisional.

Caso de non remitirse a documentación requirida no prazo fixado archivarase o expediente.”

#### **14.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DE ENSANCHE E ACONDICIONAMENTO DA EP 3614 DA GÁNDARA AO QM 3 DA ESTR. FERROL - CEDEIRA PQ 0,000 AO 2,61 NARÓN.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º) Aprobar o proxecto REFORMADO DE ENSANCHE E ACONDICIONAMENTO DA EP 3614 DA GANDARA AO Km 3 DA ESTR. FERROL CEDEIRA PQ 0,000 AO 2,61 NARON (CODIGO DO PROXECTO REFORMADO 0411300006.1) polo seu orzamento de contrata de 688.542,87.- EUROS, que representa un incremento respecto ao primitivo de 71.946,40.- EUROS.

2º) Formalizar en documento administrativo, co adxudicatario do contrato primitivo, as modificacións do contrato, que aplicando a baixa de adxudicación supón un novo orzamento de adxudicación de 552.004,82.- EUROS, que representa un incremento respecto ao primitivo de 57.679,43.- EUROS.

3º) Modificar a contía da garantía definitiva que queda incrementada na cantidade de 2.307,18.- EUROS, que deberá ingresar o contratista na Caixa da Corporación dentro do prazo máximo de 15 días unha vez aprobada a modificación do contrato, quedando, xa que logo, fixada a garantía co citado incremento na cantidade de 22.080,20.- EUROS.”

#### **15.-PROPOSTA AO PLENO DA CORPORACIÓN, RELATIVA Á RESOLUCIÓN DE NOTA DE REPAROS DA INTERVENCIÓN XERAL E DE APROBACIÓN DA FACTURA Nº 140/07 DE ESPINA OBRAS HIDRÁULICAS, S.A. EN CONCEPTO DE TRABALLOS EFECTUADOS NAS OBRAS**

**“MELLORAS NO SEDIMENTADOR DA ETAP DE SABÓN (ARTEIXO)” POR IMPORTE DE 101.160,84 €.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º) Resolver a nota de reparo formulada pola Intervención Xeral no seu informe do 5 de decembro de 2007 relativa á aprobación da factura número 140/2007 da empresa ESPINA OBRAS HIDRÁULICAS, S. A. en concepto de traballos efectuados nas obras de "MELLORAS NO SEDIMENTADOR DA ETAP DE SABÓN (ARTEIXO)" por importe 101.160,84.- euros.

2º) De conformidade co principio xeral do dereito recollido na doutrina do enriquecemento inxusto recoñecido pola reiteradísima xurisprudencia do Tribunal Supremo, aprobar a factura número 140/2007 da empresa ESPINA OBRAS HIDRÁULICAS, S. a. en concepto de traballos efectuados nas obras de "MELLORAS NO SEDIMENTADOR DA ETAP DE SABÓN (ARTEIXO)" por importe 101.160,84.- euros con cargo á aplicación 0404/721b/227.99 do orzamento para 2008 e a través de expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos.

3º) Iniciar expediente para determinar as responsabilidades que procedan.”

**16.-RATIFICACIÓN DA RP 1884/2008 RELATIVA Á APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA DO CONCELLO DE CABANA, MODIFICADO DE CAMBIO DE TRAZADO EP-1404 E MELLORA DE TRAZADO E AMPLIACIÓN DE PLATAFORMA DA ESTR. 14-001 (DOMBATE - FONTEFRÍA) NA ZONA DE PROTECCIÓN DA E.P. DO DOLMEN DE DOMBATE E O SEU CONTORNO (CÓDIGO DA OBRA 0544000001.0) INCLUÍDO NO PLAN DE PROTECCIÓN DO PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL (DOLMEN DE DOMBATE) 2004-2005.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Ratificar a resolución de Presidencia 1884 do 22-2-2008 cuxo texto se transcribe literalmente:

"1.- Aprobar o proxecto MODIFICADO DE CAMBIO DE TRAZADO EP 1404 E MELLORA DE TRAZADO E AMPLIACIÓN DE PLATAFORMA DA ESTR. 14-001 (DOMBATE FONTEFRÍA) NA ZONA DE PROTECCIÓN DO P.E.P. DO DOLMEN DE DOMBATE E A SÚA CONTORNA (CÓDIGO DA OBRA 0544000001.0) incluído no plan de PROTECCIÓN DO PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL (DOMEN DE DOMBATE) 2004-2005, polo seu orzamento de contrata de 607959,09.-euros, que representa un incremento respecto ao primitivo que era de 519.663,15 euros de 88.295,94 euros.

2.- Formalizar en documento administrativo co adxudicatario do contrato primitivo CONSTRUCCIÓNS LÓPEZ CAO S.L. CIF.: B15072713 E DOMICILIO EN AVDA DE FINISTERRE 265-267 15010 A Coruña, as modificacións do contrato que aplicando a baixa de adxudicación supón un novo prezo de adxudicación de 384022,51 euros, que representa un incremento respecto ao primitivo que era de 328.349,63 de 55.772,88 euros (código do reformado 0544000001.1).

3. As obras incluídas no proxecto reformado suporán un aumento do prazo de execución respecto ao primitivo de 2 meses.

4.- Modificar a contía da garantía definitiva que queda incrementada na cantidade de 2.230,92 euros que deberá ingresar o contratista na Caixa da Corporación dentro do prazo máximo de 15 días unha vez aprobada a modificación do contrato, quedando, xa que logo, fixada a garantía co citado incremento na cantidade de 15360,91.-euros de conformidade co artigo 42 do Decreto legislativo 2/2000 do 16 de xuño.

5. A taxa para a sinatura de contrato queda fixada na cantidade de 92,83 euros"

**17.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO ENSANCHE E MELLORA DE SEGURIDADE VIARIA DA EP-6702 DO COLO DE ARCA Á ALDEA VELLA PK 0-2,5, INCLUÍDA NA PRIMEIRA FASE DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2007. CÓDIGO 07.1110.0001.1**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º) Aprobar o proxecto REFORMADO DE ensanche e mellora de seguridade viaria na EP7602 Colo de Arca a Aldea Vella p.k. 0,00 ao 2,515, Pobra do Caramiñal (CODIGO DO PROXECTO REFORMADO 0711100001.1) polo seu orzamento de contrata de 902.400,02.- EUROS, que representa un incremento respecto ao primitivo de 150.344,76.- EUROS.

2º) Formalizar en documento administrativo, co adxudicatario do contrato primitivo, as modificacións do contrato, que aplicando a baixa de adxudicación supón un novo orzamento de adxudicación de 684.199,70.- EUROS, que representa un incremento respecto ao primitivo de 113.991,40.- EUROS.

3º) Modificar a contía da garantía definitiva que queda incrementada na cantidade de 4.559,66.- EUROS, que deberá ingresar o contratista na Caixa da Corporación dentro do prazo máximo de 15 días unha vez aprobada a modificación do contrato, quedando, xa que logo, fixada a garantía co citado incremento na cantidade de 27.367,99.- EUROS.”

**18.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “RAMPLA E ASEOS DO CENTRO SOCIAL DE ALBIXOI” DO CONCELLO DE MESÍA,**

**INCLUÍDA NA 2ª FASE DA ANUALIDADE 2006 DO PLAN ESPECIAL DE ELIMINACIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS. CÓDIGO: 06.3230.0056.0.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o proxecto técnico reformado da obra denominada "Rampla e aseos no centro social de Albixoi" do Concello de Mesía, incluída na 2ª fase do Plan especial de eliminación de barreiras arquitectónicas 2006, código 06.3230.0056.0, que foi aprobada polo Pleno desta deputación en sesión ordinaria celebrada o día 26 de outubro de 2006, cun presuposto de contrata de 28.715,87 euros, xa que introduce algunha modificación das actuacións previstas no proxecto técnico inicial, pero sen alterar o orzamento da obra nin o orzamento do plan no seu conxunto:

Código	Concello	Denominación	Deputación	Concello	Pto. Total
06.3230.0056.0	Mesía	Rampla e aseos centro social de Albixoi	28.715,87		28.715,87

A aprobación deste expediente queda condicionada á entrada en vigor do expediente de modificación de créditos de Pleno 1/2008 no que se inclúe o crédito correspondente á achega provincial a esta obra pola totalidade do seu importe e que ascende á cantidade de 28.715,87 euros.”

**19.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “ASEOS E ACCESOS AOS CENTROS SOCIAIS DE OLAS E MESÍA” DO CONCELLO DE MESÍA, INCLUÍDA NA 2ª FASE DA ANUALIDADE 2006 DO PLAN ESPECIAL DE ELIMINACIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS. CÓDIGO: 06.3230.0058.0.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o proxecto técnico reformado da obra denominada "Aseos e accesos nos centros sociais de Olas e Mesía" do Concello de Mesía, incluída na 2ª fase do Plan especial de eliminación de barreiras arquitectónicas 2006, código 06.3230.0058.0, que foi aprobada polo Pleno desta deputación en sesión ordinaria celebrada o día 26 de outubro de 2006, cun orzamento de contrata de 28.066,56 euros, xa que introduce algunha modificación das actuacións previstas no proxecto técnico inicial, pero sen alterar o orzamento da obra nin o orzamento do plan no seu conxunto:

Código	Concello	Denominación	Deputación	Concello	Pto. Total
06.3230.0058.0	Mesía	Aseos e accesos centros sociais de Olas e Mesía	28.066,56		28.066,56

A aprobación deste expediente queda condicionada á entrada en vigor do expediente de modificación de créditos de Pleno 1/2008 no que se inclúe o crédito correspondente á achega provincial a esta obra pola totalidade do seu importe e que ascende á cantidade de 28.066,56 euros.”

**20.-PROPOSTA DE PRÓRROGA DO CONVENIO PARA FINANCIAR AS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DUN CENTRO SOCIO-CULTURAL E DE USOS MÚLTIPLES NA PARROQUIA DE SANTA MARÍA DE CASTRO EN CABO DE CRUZ, PREVISTA NO CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CONCELLO DE BOIRO.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Ratificar a resolución de Presidencia 1892 21-2-2008 pola que se aproba a prórroga do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE BOIRO PARA FINANCIAR AS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DUN CENTRO SOCIO-CULTURAL E DE USOS MÚLTIPLES NA PARROQUIA DE SANTA MARÍA DE CASTRO EN CABO DE CRUZ, ampliando a vixencia do convenio ata o 31 de agosto de 2008.”

**21.-APROBACIÓN DO PREGO-TIPO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE HABERÁN DE REXER PARA A CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO (CON MULTIPLICIDADE DE CRITERIOS DE VALORACIÓN) DAS OBRAS COMPRENDIDAS NOS PLANS PROVINCIAIS.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.- Aprobar o seguinte Prego tipo de cláusulas administrativas particulares, que substitúe ao aprobado polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o 22-02-2007: PREGO-TIPO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE HABERÁN DE REXER PARA A CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO (CON MULTIPLICIDADE DE CRITERIOS DE VALORACION) DAS OBRAS COMPRENDIDAS NOS PLANS PROVINCIAIS.

2º.- Expoñer o citado prego de conformidade co art. 86 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no Boletín Oficial da Provincia, mediante a publicación do seu texto íntegro en castelán e galego, para que durante o prazo de 8 días poidan presentarse reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado se estas non se producen.”

**22.-APROBACIÓN DO PREGO-TIPO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS**

**PARTICULARES QUE HABERÁN DE REXER PARA A CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO (CUN ÚNICO CRITERIO DE VALORACIÓN: FACTOR PREZO) DAS OBRAS COMPRENDIDAS NOS PLANS PROVINCIAIS.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.- Aprobar o seguinte Prego tipo de cláusulas administrativas particulares, que substitúe ao aprobado polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o 26-05-2005: PREGO-TIPO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE HABERÁN DE REXER PARA A CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO (CUN ÚNICO CRITERIO DE VALORACIÓN: FACTOR PREZO) DAS OBRAS COMPRENDIDAS NOS PLANS PROVINCIAIS.

2º.- Expoñer o citado Prego de conformidade co art. 86 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no Boletín Oficial da Provincia, mediante a publicación do seu texto íntegro en castelán e galego, para que durante o prazo de 8 días poidan presentarse reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado se estas non se producen.”

**23.-APROBACIÓN DO PREGO-TIPO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE HABERÁ DE REXER PARA A CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDEMENTO NEGOCIADO DAS OBRAS COMPRENDIDAS NOS PLANS PROVINCIAIS.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.- Aprobar o seguinte Prego tipo de cláusulas administrativas particulares, que substitúe ao aprobado polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o 26-05-2005: PREGO-TIPO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE HABERÁN DE REXER PARA A CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDEMENTO NEGOCIADO DAS OBRAS COMPRENDIDAS NOS PLANS PROVINCIAIS.

2º.- Expoñer o citado Prego de conformidade co art. 86 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no Boletín Oficial da Provincia, mediante a publicación do seu texto íntegro en castelán e galego, para que durante o prazo de 8 días poidan presentarse reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado se estas non se producen.”

**24.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A**



## **DEPUTACIÓN DA CORUÑA E A “FUNDACIÓN XEITO NOVO DE CULTURA GALEGA”, DA REPÚBLICA ARXENTINA, PARA FINANCIAR O PROXECTO EMIG-2008.**

### **INTERVENCIONS**

#### **Sr. García Borregón**

Bos días, Sr. Presidente, Sras. e Sres. Deputados, en primeiro lugar cómpre solicitar a intervención do punto 24 e do punto 25, porque á fin e ao cabo os argumentos van ser os mesmos e podémolo debater no seu conxunto. En principio, queríamos anunciarlle o apoio do noso grupo á aprobación de ambos convenios, o convenio pola Fundación Xeito Novo de Cultura Galega, un financiamento de 19.500 euros, fundamentalmente, para cuestións de carácter tecnolóxico e programas de melloras das tecnoloxías nesa fundación, e a aprobación do convenio co Padroado da Cultura Galega de Montevideo, por un importe de 26.500 euros, aínda que eu creo que no tema da cláusula segunda do propio convenio hai dous totais, aínda que logo o financiamento é 26.500. Aparecen dous totais, 26.500 e 18.750, eu creo que iso debería aclararse. E isto é para obras fundamentalmente relacionadas coa nova sede do Padroado de Cultura Galega en Montevideo.

En segundo lugar, en relación coa utilización da fórmula de convenio, a nós non nos parece a fórmula, como fórmula usual, a fórmula máis axeitada para financiar actividades deste tipo, fundacións e, neste caso, fundacións no exterior. Eu creo que a fórmula de convenio é unha fórmula que se debe utilizar fundamentalmente cando existen factores de excepcionalidade, pero non utilizarse con carácter de ordinario e, cando digo isto, dígoo tamén facendo fincapé no que di a Lei xeral de subvencións, onde as subvencións deben concederse con criterios de obxectividade e con garantía dunha equitativa distribución.

Polo tanto, eu creo que, como regra xeral, as axudas deberían outorgarse a través de concurso en réxime de competencia, no que deben de rexer principios, os de publicidade, concorrencia, obxectividade e transparencia.

Por outra parte, tamén o di o propio informe, as subvencións deben financiar preferentemente actividades ou servizos que complementen a competencia das administracións locais e non incidir nas utilizacións de fondos para financiar estruturas. Eu creo que no caso da Fundación de Montevideo, que xa foi unha fundación subvencionada por esta deputación para compra da súa nova sede, con achegas que roldaron preto dos 100.000 euros, agora súmanse outros 26.000 para complemento destas obras. E nos expedientes de ambos dise, e leo textualmente o informe técnico, mótivase moi lixeiramente a excepcionalidade e as razóns extraordinarias de interese público, que avalen a utilización deste procedemento. Casos como estas fundacións, tanto a Fundación Galega do Padroado da Cultura Galega de Uruguai e a Fundación da Arxentina, existen outras moitas nestes países que teñen en común a súa precariedade,

as súas necesidades e, por iso, de aí a rigorosidade que debe de haber nun reparto xusto e equitativo dos fondos desta institución.

O noso grupo pide que no sucesivo se utilicen fórmulas para que as axudas se concedan con criterios de obxectividade, é dicir, utilizar como fórmula común o concurso e acudir coas institucións que así o pretendan, con transparencia, e dentro dos obxectivos lóxicos que a deputación marque nestas axudas.

Non obstante, con estas consideracións, xa o dixen ao principio, imos apoiar a aprobación destes convenios, coñecemos as necesidades destas fundacións, ambas, recoñecemos o labor no apoio da difusión da cultura dentro da colectividade galega, pero claro, non debemos esquecer que existen outras con obxectivos igual de loables, con escasos recursos tamén para facer o seu labor e que, lexitimamente poden e poderán optar ás axudas que esta deputación dispón para estes cometidos nos seus orzamentos. E nada máis, moitas grazas.

### **Sr. Lagares Pérez**

Grazas, Sr. Presidente, Sras. e Sres. deputados, bos días. Antes de nada, mostrar o agradecemento polo apoio aos dous puntos a que se refire o Sr. Borregón, o Sr. deputado do Partido Popular. Indubidablemente fala de facer un cambio e que se faga un tema aberto, máis aberto para a concesión das subvencións aos centros da emigración. Eu teño que dicirlle que a experiencia demostra que non deu resultado no momento oportuno, e isto non indica que non exista transparencia, non exista obxectividade e non exista o cumprimento estrito da Lei de subvencións no ámbito estatal, do seu regulamento e da Lei de subvencións de Galicia. Non deu o seu rendemento apetecible, por razóns obvias de burocracia, estamos falando dun intercambio económico, ou unha subvención económica para actividades ou para investimentos en distintos países, a maior parte de Latinoamérica e, moi en concreto, circunscibíndose á Arxentina, Bos Aires e á República de Uruguai. Entón, que se fixo?, primeiro colocar a partida orzamentaria correspondente, que é no capítulo IV no exercicio 2008, 200.000 euros, e no capítulo VII para investimentos, 150.000 euros. E as bases 48 e, sobre todo, a 49 definen concretamente cales son os criterios con claridade, con transparencia e con obxectividade, os cales deben de levar estas economías. No que respecta á información faise no ámbito institucional e a través doutros organismos, insisto, para ser máis operativos, porque a experiencia demostra que, abrindo un período de subvencións, quedaba a partida practicamente esgotada, é dicir, esgotada de gastar.

Existe, como digo, unha ampla información, e isto está aberto todo o ano e podó dicirlle, para darlle un dato ilustrativo que no ano 2007, coas mesmas contías orzamentarias, é dicir, para actividades 200.000 euros e para investimentos 150.000, quedaron dispoñibles economías, quedaron sen gastar para actividades 44.692 euros e para investimentos 8000 euros. Quere dicir isto que cremos que se está no bo camiño, tomamos nota do que di o Partido Popular, agradecemos a achega que nos fai porque,

sabemos todos que os nosos conveciños de alén mar, que están na emigración e que, nestes momentos, están atravesando momentos delicados e difíciles, temos que tratalos a todos con obxectividade, con solidariedade e que isto é cousa de todos, dos tres grupos que conforman esta cámara. Con estas matizacións, agradézolle o seu voto.

#### Sr. García Borregón

Para facer un comentario sobre iso. Eu creo que nun momento non daría resultado polo seu rendemento, ou sobre todo por non gastar esas partidas que estaba dicindo o Sr. Lagares, no ano 2007, 200.000 e 150.000 euros, cando as necesidades de moitas das fundacións, que están a facer, fundamentalmente, promoción de cultura ou outras actividades, a min dáme que pensar que algo se fixo mal, é dicir, que nós teñamos un orzamento e non se gastou, teremos que pensar que algo nós fixemos mal.

E o que dalgunha maneira pedimos é que, sabendo as necesidades, sabendo estes cometidos que fan estas fundacións, o esforzo dese orzamento, e que ese orzamento se cubra co maior número de institucións posibles, que teñan necesidades, creo que é o xusto, a distribución dese recurso, e nós imos poñer fincapé niso, cremos que a mellor fórmula é un concurso aberto, que ten moito maior problema para gastar ou para a cuestión burocrática, ao mellor hai que tratar de facelo doutra maneira. E cando dicimos isto é a cuestión de respectar a cuestión das leis e fíxándonos tamén nos informes que os funcionarios desta casa fixeron sobre este tema.

Polo tanto, eu incido niso, creo que é unha liña de financiamento xusta e, ademais, necesaria, nun momento que pasaron crítico estas fundacións, e o lóxico que nós queremos que ese orzamento se gaste, se gaste correctamente e coa maior ecuanimidade, obxectividade e transparencia posible. Nada máis e moitas grazas.

#### Sr. Presidente

Grazas, Sr. García Borregón. Aproveitando este debate gustaríame facer algunhas puntualizacións. Eu creo que esta deputación, esta Corporación e a anterior poden sentirse orgullosos do labor que están a facer na emigración en Latinoamérica, e podemos sentirnos orgullosos todos porque, todas as veces que fomos a Latinoamérica, sempre foi unha representación institucional da deputación, menos unha vez, sempre, e sempre se dixo que isto eran axudas institucionais da deputación, e alí estaba o presidente, o voceiro do Bloque, o voceiro do PP e o voceiro do Partido Socialista, que non era unha acción política. Entón, a primeira recensión que quero facer é que nunca se fixo política desde a deputación con estas subvencións, e podemos sentirnos orgullosos dos que subvencionamos, porque subvencionamos, por exemplo, o primeiro Centro de Día que se fixo en Uruguai, fíxoo a Deputación da Coruña, no Fogar Español de Montevideo, por certo, foi presidido o Fogar Español de Montevideo polo secretario xeral do Partido Popular de Uruguai. Pero fíxose o primeiro Centro de Día de Uruguai, e démoslle, non só fixemos, o Centro de Día, senón que lle compramos, xunto coa

Secretaría de Emigración, un autobús adaptado para transportar estas persoas discapacitadas para ir recollelas ao seu domicilio e para levalas pola noite.

A Deputación da Coruña está contribuíndo a financiar os gastos do xeriátrico do Asilo de Anciáns de Domselaar, que me consta que o Sr. Gacio, voceiro do Partido Popular, o coñece, por certo, o presidente tamén é un significado militante do Partido Popular, dígoos para que se vexa que non hai política, que atendemos a necesidades, independentemente de que os reitores sexan de a, de b ou de c, e creo que nos podemos sentir orgullosos, e podémonos sentir orgullosos de financiar o Centro Galego de Montevideo, que é o centro galego máis antigo do mundo, por certo, cuxo presidente é militante do Partido Popular en Uruguai, e dígoos porque moitas veces se intentan distorsionar estas cuestións con temas políticos. E é certo que tamén podemos sentirnos orgullosos de moitas cousas máis, do Centro de Bergantiños, que tamén é do Partido Popular, pero que non significa nada, porque hai necesidades e hai persoas, paisanos, que están pasando dificultades en etapas avanzadas da súa vida e que a nosa obriga é axudarlles na medida que poidamos.

E axudamos tamén, e creo que podemos sentirnos orgullosos do que estamos facendo no Padroado da Cultura Galega e agradézolles que voten a favor, porque é a asociación cultural máis importante de Uruguai e a que ten máis actividades, e está difundindo a cultura galega e o idioma galego, e é unha sociedade recoñecida polo goberno uruguaio, e ten, e supoño que o Sr. Gacio e outros deputados do Partido Popular coñecerán as actividades do Padroado da Cultura Galega e as emisións de radio que teñen todos os domingos. Pois, é mester comprarlles un local para que poidan desempeñar con dignidade o seu labor, creo que é unha cousa da que nos podemos sentir orgullosos.

E hai unha cousa que ten razón e non ten razón, que podemos regular isto de dúas formas, facendo unha convocatoria pública e aberta ou atendendo a necesidades, porque certamente todas as axudas que damos responden a necesidades obxectivas; que hai outras? Si. Cal é o problema? Que é o que valoramos? O goberno que, con 60 millóns escasos de achega anual, se abrimos unha convocatoria de subvencións, como xa fixemos, piden 1000 millóns de pesetas, e levantamos unhas expectativas que logo defraudamos. Eu podo dicir que nestas subvencións que se fixeron hai peticións que fixeron o Grupo Popular, os deputados do Grupo Popular, a Sociedade de Beneficiencia de Santos, paréceme, non, quero dicir, Sra. Farjas, para que non quede no ambiente, porque moitas veces, cando se fala da emigración, sempre se politiza, e eu quero reivindicar o papel da deputación en materia de emigración e dicir publicamente que xamais se fixo política, que acudimos a solucionar necesidades, e que moitas das cousas que financiamos foron peticións do Partido Popular, e non pasa nada... Non pasa nada, para iso son vostedes deputados, para expoñer cousas. Polo tanto, como a subvención nominativa é unha opción que nos dá a lei para non levantar expectativas, que logo non imos poder satisfacer e, para non levantar expectativas en centros da emigración que poden estar en España e que teñen outras necesidades, decidimos, equivocadamente ou non, pero dentro da legalidade e no uso das atribucións que temos,



atopa na avenida Sáenz número 956 da cidade de Bos Aires (Arxentina) e que actúa na súa calidade de presidente e conforme ás competencias que ten atribuídas de acordo cos seus Estatutos.

Ambos os dous comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración.

## **EXPOÑEN**

### Primeiro

A Deputación da Coruña, en adiante Deputación, é unha entidade pública local de ámbito provincial que ten entre os seus fins propios e específicos garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, sendo competencias propias, entre outras, as de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e, en xeral, o fomento e administración dos intereses peculiares da provincia.

A Fundación Xeito Novo de Cultura Galega, en adiante Fundación Xeito Novo, é unha asociación civil sen fins de lucro constituída en 1991, ao abeiro da lexislación da República Arxentina que ten por finalidade servir de vínculo para os galegos residentes en Arxentina e no estranxeiro, e investigar e difundir a cultura galega en todas as súas manifestacións.

### Segundo

As asociacións de comunidades galegas no exterior son, en moitos casos, o único vínculo de unión que os galegos e galegas do exterior manteñen coa súa terra de orixe. A provincia da Coruña, os seus cidadáns e as institucións que a representan teñen, e deben manter, unha estreita relación solidaria con aqueles dos seus concidadáns que por diversas circunstancias están afastados da súa terra.

### Terceiro

A problemática situación económica e social pola que están atravesando a maioría dos países latinoamericanos, incluída Arxentina, trae consigo que moitos dos cidadáns galegos que neles residen estean vivindo unha insostible situación de precariedade económica e asistencial.

### Cuarto

É finalidade común a ambas entidades procurar a pervivencia das entidades asociativas galegas co afán de axudar a unha mellor calidade de vida, especialmente para aqueles que están máis necesitados, e mellorar a divulgación dos valores culturais galegos.

É por iso que ambas as dúas entidades, estiman conveniente a realización de actuacións que comporten garantir unha calidade de vida mínima para a comunidade galega no exterior e acordan establecer un convenio de colaboración suxeito ás seguintes

## CLÁUSULAS

### **PRIMEIRA: OBXECTO DO CONVENIO**

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e Fundación Xeito Novo de Cultura Galega, para o financiamento do proxecto Emig-2008, consistente na realización de accións formativas no ámbito das novas tecnoloxías da información e da comunicación, dirixidas a galegos residentes en Arxentina, nos termos que se reflicten na memoria que se incorpora como anexo ao presente convenio.

As actividades a realizar concréntanse en dous obxectivos:

-Dotación e instalación dun portal personalizado ao proxecto formativo, coordinado e organizado pola Fundación Xeito Novo, onde o alumnado poderá dispoñer da súa plataforma de teleformación con todas as ferramentas de xestión da aprendizaxe de última xeración e os contidos relacionados á formación de axentes PEME.

-Realización de 4 cursos polos que pasarán 60 participantes ao longo da duración do proxecto (15 por curso).

### **SEGUNDA: ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS**

O orzamento total da execución do proxecto, ascende a 19.500 euros, que, nos termos da memoria que se acompaña como anexo, comprende os gastos relativos a:

- Contidos
- Plataforma de teleformación
- Docentes e titores
- Difusión e promoción de actividades

Os cursos a realizar son os catro seguintes, cos seus respectivos custos:

-Marketing para Pemes (50 horas – 1 edición)	4.875 €
-Produto (50 horas – 1 edición)	4.875 €
-E-Commerce (50 horas – 1 edición)	4.875 €
-Avaliación de proxectos (50 horas – 1 edición)	4.875 €
TOTAL.....	19.500 €

### **TERCEIRA: FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE**

1.A Deputación comprométese a colaborar no financiamento do proxecto Emig-2008 cunha achega máxima de 18.000 euros, sobre un orzamento de 19.500 euros, o que equivale a un coeficiente de financiamento de 92,31 %.

2.No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total establecido na cláusula II, a Deputación só achegará o importe que represente o 92,31 % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75,00 % do orzamento previsto na cláusula II, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobramento.

3.O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0104/463C/48901, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito suficiente sobre o que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4.Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto coa subvención provincial, non supere en ningún caso o custo total do gasto efectivamente xustificado. No caso de que coa concorrencia doutras axudas ou subvencións, se supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial.

### **CUARTA: PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

A entidade beneficiaria comprométese a dar difusión ao financiamento provincial e a deixar constancia diso.

### **QUINTA: CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

A Fundación Xeito Novo comprométese, de conformidade co disposto no artº 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, con carácter previo á contratación dos servizos de asistencia establecidos, se o seu importe supera 12.000 euros, a solicitar, polo menos, un mínimo de tres ofertas de diferentes provedores, elixindo de entre as recibidas a que resulte máis axeitada consonte criterios de eficiencia e economía, polo que deberá xustificarse a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

### **SEXTA: XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A SUBVENCIÓN**

1.A achega da Deputación, que poderá fraccionarse en dous prazos, materializarase mediante transferencias bancarias á conta facilitada pola beneficiaria, tras a



presentación da correspondente conta xustificativa de gastos e na porcentaxe de financiamento establecido (92,31 %), sen que en ningún caso os pagamentos totais poidan exceder do importe máximo da axuda concedida (18.000 €):

- a. Informe xeral (parcial ou final), suscrito polo representante de Fundación Xeito Novo de Cultura Galega, relativo á realización das actividades. O dito informe aludirá ao grao de cumprimento dos obxectivos.
- b. Documentación gráfica do estado de execución das actividades, así como da difusión dada á colaboración da Deputación da Coruña (as fotografías deberán vir dilixenciadas no reverso).
- c. Relación de asistentes aos cursos.
- d. Relación clasificada de gastos realizados.
- e. Facturas orixinais de servizos e subministracións recibidos, así como doutros gastos relacionados coa execución do proxecto (que unha vez dilixenciadas pola Deputación poderán ser devoltas á beneficiaria).
- f. Acreditación da aprobación das facturas presentadas polo órgano competente da entidade beneficiaria.
- g. Declaración doutras axudas recibidas co mesmo obxecto.

2. Con carácter previo aos pagamentos que se realicen, a entidade beneficiaria deberá acreditar que está ao corrente nas súas obrigas tributarias e sociais, conforme se establece na cláusula VIII, agás que, por non ter actividades en España, non sexa preciso tal acreditación.

3. Para os efectos de cuantificar o gasto subvencionable xustificado en moeda distinta ao euro, aplicarase o tipo de cambio oficial establecido no día de remisión da documentación xustificativa á Deputación. Todos os pagamentos que realice a Deputación serán en moeda euro.

4. Os pagamentos que se realicen haberán de ser informados polo Servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea e polo Servizo de Fiscalización, e deles darase traslado ao Servizo de Patrimonio e Contratación para coñecemento e constancia no devandito departamento.

#### **SÉTIMA: PRAZO DE FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PARA A SÚA XUSTIFICACIÓN**

1. As obras obxecto de financiamento provincial deberán estar finalizadas un mes antes, polo menos, da finalización do período de vixencia establecido na cláusula XIII.

2. Unha vez finalizadas as obras, e sen prexuízo das xustificacións parciais que se puidesen realizar, a entidade beneficiaria deberá presentar a xustificación final un mes antes, polo menos, da finalización do período de vixencia establecido na cláusula XIII.

3. De conformidade co disposto no artigo 70,3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este último prazo sen que se reciba xustificación ningunha, a Unidade Xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e sen prexuízo das responsabilidades que teña lugar. A presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á beneficiaria da sanción que poida corresponder, conforme coa lexislación aplicable.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira que a beneficiaria indicara. Se transcorresen máis de catro meses desde a presentación da correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que se perciba o importe correspondente, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo do interese legal, que se reporten desde o remate do prazo de catro meses ata o momento en que se faga o pagamento.

#### **OITAVA: ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DE OBRIGAS TRIBUTARIAS E SOCIAIS**

1. Con carácter previo á sinatura do presente convenio, e igualmente con carácter previo á realización dos pagamentos que procedan, a entidade beneficiaria deberá estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, así como coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das devanditas obrigas poderá realizarse mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á deputación a que obteña a dita información telematicamente. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación da Coruña determinarase de oficio por esta.

#### **NOVENA: DESTINO E MANEXO DE FONDOS RECIBIDOS**

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir o control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencias bancarias, tarxetas de débito ou crédito, cheques nominativos ou calquera outro medio que permita deixar constancia da data de pagamento e da identidade do receptor. Só excepcionalmente poderán realizarse pagamentos en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente citados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais poidan impoñer, a entidade beneficiaria deberá contar, polo menos, cun rexistro

cronolóxico de cobramentos e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

## **DÉCIMA: CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO**

1. Conforme co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser seleccionada pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Así mesmo, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, se é o caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se reporten desde o día en que se realizou o pagamento ata o momento en que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

## **DÉCIMO PRIMEIRA: INFRACCIÓNS E SANCIÓN**

1. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións establecidas nas normas citadas na Base 54<sup>a</sup> das de Execución do Orzamento da Deputación vixente.

2. De conformidade co disposto na Base 54.6 das de Execución do Orzamento da Deputación vixente, a demora na realización das obras comportará unha sanción dun 10% do importe da subvención, co límite de 75,00 €; se a demora excede de tres meses a sanción será dun 20%, co límite de 150,00 €.

3. Se a demora se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imponse no seu grao mínimo e será do 10% do importe da subvención outorgada, co límite de 75,00 €, se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imponse no seu grao medio e será do 20%, co límite de 400,00 €, e se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imponse no seu grao máximo e supoñerá o 30%, co límite de 900,00 €.

#### **DÉCIMO SEGUNDA: INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA**

1. En cumprimento co disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral da Administración do Estado, para que sexan incorporados á base de datos nacional de subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no devandito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Así mesmo, en cumprimento co disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web [www.dicoruna.es](http://www.dicoruna.es).

Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación Provincial da Coruña.

#### **DÉCIMO TERCEIRA: VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día 31 de decembro de 2009.

2. Tras a solicitude da entidade beneficiaria, realizada polo menos cun mes de antelación á citada data, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas partes, tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e tras os informes preceptivos da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención da Deputación.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas partes, por causa debidamente xustificada e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

#### **DÉCIMO CUARTA: NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderanlle ao presidente da deputación, tras os informes preceptivos da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención Provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da Xurisdición do Contencioso-Administrativo, segundo a distribución de competencias establecida na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

E, en proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente convenio en cuadriplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario con data do

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN  
PROVINCIAL DA CORUÑA

O PRESIDENTE DA FUNDACION  
XEITO NOVO DE CULTURA  
GALEGA

Salvador Fernández Moreda

Gustavo Fernandez Cameselle

#### **25.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O PADROADO DA CULTURA GALEGA DE MONTEVIDEO (URUGUAI) PARA COLABORAR NO FINANCIAMENTO DE OBRAS E EQUIPAMENTOS PARA A NOVA SEDE DA ENTIDADE.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a formalización e o texto do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Padroado da Cultura Galega de Montevideo (Uruguai) para colaborar no financiamento de obras e equipamentos para a nova sede da entidade, cunha achega provincial de 26.000 euros, que supón un coeficiente de financiamento do 100%, e que se aboará con cargo á aplicación orzamentaria 0104/463C/78901, documento contable RC N° operación 220080007966 do 16/04/08.”

## **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O PADROADO DA CULTURA GALEGA DE MONTEVIDEO (URUGUAI) PARA COLABORAR NO FINANCIAMENTO DE OBRAS E EQUIPAMENTO PARA A NOVA SEDE DA ENTIDADE**

A Coruña, de                      de 2008

### **REUNIDOS**

Dunha parte, D. Salvador Fernández Moreda, que intervén neste acto en nome e representación da Excm. Deputación Provincial da Coruña, actuando na súa calidade de presidente e conforme ás competencias que ten atribuídas.

Doutra, Dona Ana María Lorenzo García, que intervén neste acto en nome e representación do Padroado da Cultura Galega, cuxo domicilio social está na rúa Río Branco de Montevideo (Uruguai), entidade sen ánimo de lucro constituída, actuando na súa calidade de presidente e conforme ás competencias que ten atribuídas de acordo cos seus Estatutos.

Ambos os dous comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración.

### **EXPOÑEN**

A Deputación da Coruña, en adiante Deputación, é unha entidade pública local de ámbito provincial que ten entre os seus fins propios e específicos garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, sendo competencias propias, entre outras, as de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social, e en xeral, o fomento e administración dos intereses peculiares da provincia.

O Padroado da Cultura Galega é unha institución privada sen fins de lucro, constituída para o achegamento da colectividade galega ao pobo uruguaio. Entre os seus fins figura a defensa, difusión e incremento dos valores culturais de Galicia e o acrecentar os vínculos entre os pobos galego e uruguaio.

As asociacións de comunidades galegas no exterior son, en moitos casos, o único vínculo de unión que os galegos e galegas do exterior manteñen coa súa terra de orixe.

A provincia da Coruña, os seus cidadáns e as institucións que a representan teñen, e deben manter, unha estreita relación solidaria con aqueles dos seus concidadáns que por diversas circunstancias están afastados da súa terra.

A problemática situación económica e social pola que están atravesando a maioría dos países latinoamericanos, trae consigo que moitas das entidades sociais constituídas polos cidadáns galegos estean vivindo unha insostible situación de precariedade económica.

Sendo finalidade común a ambas entidades procurar a pervivencia das entidades asociativas galegas co afán de axudar a unha mellor calidade de vida, especialmente para aqueles que están máis necesitados, e mellorar a divulgación dos valores culturais galegos.

É por isto que ambas as dúas entidades, estimando conveniente a realización de actuacións que comporten garantir o mantemento de vínculos coa comunidade galega no exterior, acordan a celebración dun convenio de colaboración suxeito ás seguintes

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA: OBXECTO DO CONVENIO

*O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Padroado da Cultura Galega, para o financiamento dun proxecto de realización de obras e equipamento no novo local social, situado na avenida Rondeau 1421 de Montevideo (Uruguai).*

### SEGUNDA: ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O orzamento total da execución da obra, analízase do seguinte xeito:

- Monolítico pulido pisos	9.865
- Carpintería cociña e baños	5.086
- Equipamento (inodoros, billas, espellos, etc.)	5.694
- Outros (aire acondicionado, instalación eléctrica, etc.)	5.355
Total	26.000 €

2 mesas de madeira para conferencias e butacas.....	800 euros
Equipamento lumínico.....	5.650 euros
Rieis e paneis para exposicións.....	900 euros
Tarima -deck para escenario.....	1.400 euros
TOTAL-----	18.750 euros

### TERCEIRA: FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal e como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de VINTE E SEIS MIL EUROS (26.000 €), o cal representa unha porcentaxe do 100,00 %.

2.No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula II, a deputación só achegará o importe que represente o 100,00 % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75,00 % do orzamento previsto na cláusula II, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobramento.

3.O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0104/463C/78901, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito suficiente sobre o que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4.Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto coa subvención provincial, non supere en ningún caso o custo total do gasto efectivamente xustificado. No caso de que a concorrencia doutras axudas ou subvencións, se supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial.

#### **CUARTA: PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

A entidade beneficiaria comprométese a dar difusión ao financiamento provincial e a deixar constancia diso.

#### **QUINTA: CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

A entidade beneficiaria comprométese, de conformidade co disposto no artº 31.3 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, con carácter previo ás adquisicións previstas, a solicitar polo menos, un mínimo de tres ofertas de diferentes provedores, elixindo de entre as recibidas a que resulte máis axeitada consonte criterios de eficiencia e economía, e debendo xustificarse a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

#### **SEXTA: XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A SUBVENCIÓN**

1.A subvención provincial poderá fraccionarse nun máximo de catro pagamentos, que se materializarán mediante transferencias bancarias á conta facilitada pola beneficiaria, tras a presentación da correspondente conta xustificativa de gastos e na porcentaxe de financiamento establecido (100,00 %), sen que en ningún caso os pagamentos totais poidan exceder do importe máximo da axuda concedida (26.000 €):



a. Informe xeral (parcial ou final), subscrito polo representante do Padroado da Cultura Galega, relativo á realización das obras e equipamentos. O dito informe aludirá ao grao de cumprimento dos obxectivos.

b.Documentación gráfica do estado de execución das obras e equipamento, así como da difusión dada á colaboración da Deputación da Coruña (as fotografías deberán vir dilixenciadas no reverso).

c.Relación clasificada de gastos realizados.

d.Facturas orixinais de servizos e subministracións recibidas, así como doutros gastos relacionados coa execución do proxecto (que unha vez dilixenciadas pola deputación poderán ser devoltas á beneficiaria).

e.Acreditación da aprobación das facturas presentadas polo órgano competente da entidade beneficiaria, así como da recepción dos servizos e subministracións a que se refiran.

f.Compromiso de destinar as instalacións á finalidade para a que foron realizadas durante un período de polo menos 5 anos.

g.Declaración doutras axudas recibidas co mesmo obxecto.

2.Con carácter previo aos pagamentos que se realicen, a entidade beneficiaria deberá acreditar que está ao corrente nas súas obrigas tributarias e sociais, conforme se establece na cláusula VIII, agás que, por non ter actividades en España, non sexa preciso tal acreditación.

3.Para os efectos de cuantificar o gasto subvencionable xustificado en moeda distinta ao euro, aplicarase o tipo de cambio oficial establecido no día de remisión da documentación xustificativa á deputación. Todos os pagamentos que realice a deputación serán en moeda euro.

Os pagamentos que se realicen terán que ser informados polo Servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea e polo Servizo de Fiscalización, e deles darase traslado ao Servizo de Patrimonio e Contratación.

### **SÉTIMA: PRAZO DE FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PARA A SÚA XUSTIFICACIÓN**

1.As obras obxecto de financiamento provincial deberán estar finalizadas un mes antes, polo menos, da finalización do período de vixencia establecido na cláusula XIII.

2.Unha vez finalizadas as obras, e sen prexuízo das xustificacións parciais que se poidan realizar, a entidade beneficiaria deberá presentar a xustificación final un mes antes, polo menos, da finalización do período de vixencia establecido na cláusula XIII.

3. De conformidade co disposto no artigo 70,3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este último prazo sen que se reciba xustificación ningunha, a Unidade Xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e sen prexuízo das responsabilidades a que teña lugar. A presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á beneficiaria da sanción que poida corresponder, conforme coa lexislación aplicable.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira que a beneficiaria indicara. Se transcorresen máis de catro meses desde a presentación da correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que se perciba o importe correspondente, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo do interese legal, que se reporten desde o remate do prazo de catro meses ata o momento en que se faga o pagamento.

#### **OITAVA: ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DE OBRIGAS TRIBUTARIAS E SOCIAIS**

1. Con carácter previo á sinatura do presente convenio, e igualmente con carácter previo á realización dos pagamentos que procedan, a entidade beneficiaria deberá estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, así como coa Seguridade Social, agás que, por non ter actividades en España, non sexa preciso tal acreditación.

A acreditación do cumprimento das devanditas obrigas poderá realizarse mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á deputación a que obteña dita información telematicamente. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación da Coruña determinarase de oficio por esta.

#### **NOVENA: DESTINO E MANEXO DE FONDOS RECIBIDOS**

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir o control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencias bancarias, tarxetas de débito ou crédito, cheques nominativos ou calquera outro medio que permita deixar constancia da data de pagamento e da identidade do receptor. Só excepcionalmente poderán realizarse pagamentos en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente citados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais poidan impoñer, a entidade beneficiaria deberá contar, polo menos, cun rexistro

cronolóxico de cobramentos e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

#### **DÉCIMA: CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO**

1. Conforme co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser seleccionada pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcta financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Así mesmo, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, se é o caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### **DÉCIMO PRIMEIRA: REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

1.O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se reporten desde o día en que se realizou o pagamento ata o momento en que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións establecidas nas normas citadas na Base 54<sup>a</sup> das de Execución do Orzamento da Deputación vixente.

3.De conformidade co disposto na Base 54.6 das de Execución do Orzamento da Deputación vixente, a demora na realización das obras comportará unha sanción dun 10% do importe da subvención, co límite de 75,00 €; se a demora excede de tres meses a sanción será dun 20%, co límite de 150,00 €.

4.Se a demora se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imponse no seu grao mínimo e será do 10% do importe da subvención

outorgada, co límite de 75,00 €, se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imponse no seu grao medio e será do 20%, co límite de 400,00 €, e se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imponse no seu grao máximo e supoñerá o 30%, co límite de 900,00 €.

## **DÉCIMO SEGUNDA: INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA**

1. En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral da Administración do Estado, para que sexan incorporados á base de datos nacional de subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no devandito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web [www.dicoruna.es](http://www.dicoruna.es).

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación Provincial da Coruña.

## **DÉCIMO TERCEIRA: VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día 31 de decembro de 2009.

2. Tras a solicitude da entidade beneficiaria, realizada polo menos cun mes de antelación á citada data, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas partes, tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e tras os informes preceptivos da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención da Deputación.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas partes, por causa debidamente xustificada e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

## **DÉCIMO CUARTA: NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE**

1.O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderanlle ao presidente da Deputación, tras os informes preceptivos da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención Provincial.

3.Corresponderalle aos órganos da Xurisdición do Contencioso-Administrativa, segundo a distribución de competencias establecida na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

E, en proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente convenio en exemplar cuadruplicado, no lugar e data indicados no encabezamento.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado mediante acordo plenario con data

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	A PRESIDENTA DO PADROADO DA CULTURA GALEGA DE MONTEVIDEO
SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA	ANA MARÍA LORENZO GARCÍA

## **26.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E A “ASOCIACIÓN PRO DEREITOS DA INFANCIA ADDIS-GALICIA”, PARA A AMPLIACIÓN DUN ORFANATO EN ETIOPIÁ.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a formalización e o texto do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e a “Asociación pro dereitos da infancia Addis-Galicia”, para a ampliación dun orfanato en Etiopía, cunha achega provincial de 125.000 euros, que supón un coeficiente de financiamento do 91%, que se aboará con cargo á aplicación orzamentaria 0104/330B/78901, documento contable RC N° operación 220080007963 do 16/04/08.”

## **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E A “ASOCIACIÓN PRO DEREITOS DA INFANCIA ADDIS-GALICIA”, PARA A AMPLIACIÓN DUN ORFANATO EN ETIOPÍA**

A Coruña, de dous mil oito, na sede da Deputación Provincial da Coruña

### **REUNIDOS**

Dunha parte, D. Salvador Fernández Moreda, que intervéñ neste acto en nome e representación da Excm. Deputación Provincial da Coruña, en calidade de presidente e conforme ás competencias que ten atribuídas.

Doutra, D. Javier A. Gutiérrez Roger, con DNI 36.028.871-S, en representación da Asociación Addis-Galicia, CIF G-36922045, con domicilio social en Avda. García Barbón, 36 – 3º, Vigo (Pontevedra), en calidade de presidente da citada asociación.

Ambos os dous comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración, e

### **EXPOÑEN**

Primeiro. A Asociación Addis-Galicia foi creada en España en 2003, como unha entidade sen ánimo de lucro, constituída por pais adoptantes en Etiopía co obxecto primordial de traballar polos dereitos dos nenos e nenas, comprometéndose especialmente coa infancia no devandito país africano.

En 2004 obtivo a acreditación da Xunta de Galicia para operar como Entidade Colaboradora de Adopción Internacional (ECAI), e en 2005 a autorización do goberno de Etiopía para intervir nas adopcións internacionais, converténdose nunha ONG para o desenvolvemento no devandito país, o que lle habilita para asumir a execución directa de proxectos de cooperación, tales como os que a favor do sostemento de orfanatos realiza a citada asociación e, en particular, o que é obxecto do presente convenio.

Segundo. O proxecto consiste na construción dun anexo ao edificio do Orfanato Kibebe Tsehay, que se sitúa na subcidade de Gulele, en Addis Abeba - Etiopía, o cal supón a ampliación do seu espazo e, consecuentemente, da súa capacidade de acollida e servizos que presta.

O proxecto responde á consecución dos obxectivos do milenio, por canto contribúe a reducir a mortalidade infantil e a lograr o ensino primario universal, nun dos países menos avanzados e con menor índice de desenvolvemento humano, segundo a ONU.

Por outra parte, o ámbito xeográfico a que afecta atópase entre os que o “Plan director da cooperación española 2005 - 2008” declara como de atención especial, e o “Plan África 2006 – 2008”, que promove o noso Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, inclúe entre os de atención prioritaria; ademais, e finalmente, está en

sintonía coas prioridades transversais que fixa o “Plan director da cooperación galega 2006 – 2009”.

Terceiro. Tanto a normativa estatal, contida esencialmente na Lei 23/1998, de cooperación internacional ao desenvolvemento, como a galega, Lei 3/2003, de cooperación ao desenvolvemento, contemplan ás entidades locais, entre outras institucións, como principais actores nesta materia, razón pola cal a Deputación da Coruña desexa colaborar coa Asociación Addis-Galicia na execución do proxecto mencionado, e para tal efecto concertan as seguintes

## **CLÁUSULAS**

### **PRIMEIRA.- I. OBXECTO DO CONVENIO**

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Addis-Galicia, CIF G-36922045, para o financiamento dun proxecto de cooperación internacional ao desenvolvemento, consistente na ampliación do Orfanato Estatal Kibebe Tsehay, que se sitúa na subcidade de Gulele, en Addis Abeba - Etiopía, tal como aparece definido nos proxectos básico e de execución presentados pola citada beneficiaria.

### **SEGUNDA.-. ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS**

O orzamento total da execución da obra, segundo os proxectos a que se refire a cláusula anterior, analízase do seguinte xeito:

- Execución do proxecto de construción (anexo)	117.607,84 €
- Previsión incremento valor materiais	11.760,78 €
- Asistencia técnica avaliación e difusión	3.000,00 €
- Seguimento e control	<u>5.000,00 €</u>
TOTAL	137.368,62 €

### **TERCEIRA.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE**

1.A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal e como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de CENTO VINTECINCO MIL EUROS (125.000 €), o cal representa unha porcentaxe do 91,00 %.

2.No caso de que o gasto xustificable non acadase o importe total previsto na cláusula II, a deputación só achegará o importe que represente o 91,00 % da cantidade efectivamente xustificable. Agora ben, se a cantidade xustificable resulta inferior ao

75,00 % do orzamento previsto na cláusula II, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3.O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0104/330B/78901, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito suficiente sobre o que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4.Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto coa subvención provincial, non supere en ningún caso o custo total do gasto efectivamente xustificado. No caso de que a concorrencia doutras axudas ou subvencións, se supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial.

#### **CUARTA.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1.As obras de construción estarán a cargo do Orfanato Kibebe Tsehay, cuxos órganos de dirección dependen da City Government of Addis Ababa Social & Civil Affairs Bureau (Oficina de Asuntos Sociais e Cívís do Goberno da Cidade de Addis Abeba), coa que a Asociación Addis-Galicia subscribiu un convenio autorizando a execución do proxecto e aceptando a súa intervención como promotora e financiadora.

2.En virtude do citado convenio, correspóndelle á Asociación Addis-Galicia a realización das actuacións necesarias para o control, seguimento, verificación e acreditación documental da súa execución, transferindo ao Orfanato as achegas económicas correspondentes.

3.Para asegurar a verificación documental do cumprimento do obxecto do presente convenio, a Asociación Addis-Galicia poderá solicitar o apoio das dependencias da Administración española no exterior radicadas en Etiopía (Oficina da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento da demarcación ou outros recursos que puidese poñer ao dispor da embaixada ou oficina consular correspondente)

#### **QUINTA.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

A entidade beneficiaria comprométese a dar difusión ao financiamento provincial e a deixar constancia diso, así como da data de inauguración mediante unha placa colocada en lugar visible das instalacións.

#### **SEXTA.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A SUBVENCIÓN**

1.A subvención provincial poderá fraccionarse nun máximo de catro pagamentos, que se materializarán mediante transferencias bancarias á conta facilitada pola Asociación Addis-Galicia, tras a presentación da correspondente conta xustificativa de gastos e na



porcentaxe de financiamento establecido (91,00 %), sen que en ningún caso os pagamentos totais poidan exceder do importe máximo da axuda concedida (125.000 €).

-Informe Xeral (parcial ou final), subscrito polo representante da Asociación Addis-Galicia, relativo á realización das obras e equipamentos. O dito informe aludirá ao grao de cumprimento dos obxectivos perseguidos e irá acompañado, se é o caso, daqueles outros informes externos que a beneficiaria puidese obter para facilitar o control, seguimento e avaliación de resultados.

-Co primeiro pagamento presentárase copia cotexada do convenio coa City Government of Addis Ababa Social & Civil Affairs Bureau (Oficina de Asuntos Sociais e Cívís do Goberno da Cidade de Addis Abeba) autorizando a execución do proxecto e aceptando a intervención de Addis-Galicia como promotora e financiadora.

-Compromiso da City Government of Addis Ababa Social & Civil Affairs Bureau (Oficina de Asuntos Sociais e Cívís do Goberno da Cidade de Addis Abeba) de destinar as instalacións á finalidade para a que foron realizadas durante un período de polo menos 5 anos.

-Documentación gráfica do estado de execución das obras e equipamento, así como da difusión dada á colaboración da Deputación da Coruña (as fotografías deberán vir dilixenciadas no reverso).

-Copias das certificacións de obra (incluíndo a última e/ou liquidación, se é o caso) compulsadas polas oficinas da Embaixada española ou oficina consular correspondente.

-Co último pagamento, acta de entrega das obras a favor do Orfanato Kibebe Tsehay, se se realizan por contrata, na que se faga constar a súa recepción de conformidade, ou certificación de finalización das obras, se as realizan a administración.

-Facturas orixinais de adquisición do equipamento, así como doutros gastos relacionados coa execución do proxecto (que unha vez dilixenciadas pola deputación poderán ser devoltas á beneficiaria).

-Xustificantes da entrega e recepción dos fondos por parte da Asociación Addis-Galicia a favor do Orfanato Kibebe Tsehay ou da City Government of Addis Ababa Social & Civil Affairs Bureau (Oficina de Asuntos Sociais e Cívís do Goberno da Cidade de Addis Abeba).

-Declaración doutras axudas recibidas co mesmo obxecto

1.A entidade beneficiaria poderá solicitar que se realice un primeiro pagamento con carácter de anticipo de fondos, por un importe máximo do 20 % da axuda concedida e sen necesidade de presentación de garantía. O importe anticipado deducirase dos pagamentos sucesivos a que teña dereito.

2.Non será posible expedir un pagamento anticipado se a beneficiaria ten pendente de xustificación unha cantidade anticipada con anterioridade para a mesma finalidade ou para outras finalidades, ou se non xustificou dentro do prazo previsto.

3.Para a recepción dos fondos anticipados a beneficiaria deberá ter unha conta bancaria co título “Fondos para atender o proxecto de ampliación do Orfanato Kibebe Tsehay – Addis Abeba”, con cargo á cal deberán efectuarse todos os cobramentos e pagamentos

que correspondan á realización do proxecto subvencionado. Un extracto da conta deberá remitirse á deputación xunto coa xustificación documental correspondente.

4. Con carácter previo aos pagamentos que se realicen, a entidade beneficiaria deberá acreditar que está ao corrente nas súas obrigas tributarias e sociais, conforme se establece na cláusula VIII.

5. Os pagamentos que se realicen haberán de ser informados polo Servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea e polo Servizo de Fiscalización, e deles darase traslado ao Servizo de Patrimonio e Contratación para coñecemento e constancia no devandito departamento.

#### **SÉTIMA.- PRAZO DE FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PARA A SÚA XUSTIFICACIÓN**

1. As obras obxecto de financiamento provincial deberán estar finalizadas un mes antes, polo menos, da finalización do período de vixencia establecido na cláusula XIII.

2. Unha vez finalizadas as obras, e sen prexuízo das xustificacións parciais que se puidesen realizar, a entidade beneficiaria deberá presentar a xustificación final un mes antes, polo menos, da finalización do período de vixencia establecido na cláusula XIII.

3. De conformidade co disposto no artigo 70,3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este último prazo sen que se reciba xustificación ningunha, a Unidade Xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e sen prexuízo das responsabilidades que teña lugar. A presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á beneficiaria da sanción que poida corresponder, conforme coa lexislación aplicable.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira que a beneficiaria indicara. Se transcorresen máis de catro meses desde a presentación da correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que se perciba o importe correspondente, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo do interese legal, que se reporten desde o remate do prazo de catro meses ata o momento en que se faga o pagamento.

#### **OITAVA.- ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DE OBRIGAS TRIBUTARIAS E SOCIAIS**

1. Con carácter previo á sinatura do presente convenio, e igualmente con carácter previo á realización dos pagamentos que procedan, a entidade beneficiaria deberá estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa

Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, así como coa Seguridade Social.

2.A acreditación do cumprimento das devanditas obrigas poderá realizarse mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á deputación a que obteña a dita información telematicamente. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación da Coruña determinarase de oficio por esta.

#### **NOVENA.- DESTINO E MANEXO DE FONDOS RECIBIDOS**

1.A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.Co fin de garantir o control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencias bancarias, tarxetas de débito ou crédito, cheques nominativos ou calquera outro medio que permita deixar constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente poderán realizarse pagamentos en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente citados.

3.Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais poidan impoñer, a entidade beneficiaria deberá contar, polo menos, cun rexistro cronolóxico de cobramentos e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

#### **DÉCIMA.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO**

Conforme co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser seleccionada pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

1.Así mesmo, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, se é o caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN**

1.O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se reporten desde o día en que se realizou o pagamento ata o momento en que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións establecidas nas normas citadas na Base 54<sup>a</sup> das de Execución do Orzamento da Deputación vixente.

3.De conformidade co disposto na Base 54.6 das de Execución do Orzamento da Deputación vixente, a demora na realización das obras comportará unha sanción dun 10% do importe da subvención, co límite de 75,00 €; se a demora excede de tres meses a sanción será dun 20%, co límite de 150,00 €.

4.Se a demora se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imponse no seu grao mínimo e será do 10% do importe da subvención outorgada, co límite de 75,00 €, se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imponse no seu grao medio e será do 20%, co límite de 400,00 €, e se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imponse no seu grao máximo e supoñerá o 30%, co límite de 900,00 €.

## **DÉCIMO SEGUNDA.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA**

1. En cumprimento co disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral da Administración do Estado, para que sexan incorporados á base de datos nacional de subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no devandito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Así mesmo, en cumprimento co disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web [www.dicoruna.es](http://www.dicoruna.es).

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación Provincial da Coruña.

#### **DÉCIMO TERCEIRA.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día 31 de decembro de 2009.

2. Tras a solicitude da entidade beneficiaria, realizada polo menos cun mes de antelación á citada data, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas partes, tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e tras os informes preceptivos da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención da Deputación.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas partes, por causa debidamente xustificada e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

#### **DÉCIMO CUARTA.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderanlle ao presidente da deputación, tras os informes preceptivos da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención Provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da Xurisdición do Contencioso-Administrativo, segundo a distribución de competencias establecida na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario con data do 2008

E, en proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente convenio en cuadriplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN  
PROVINCIAL DA CORUÑA

O PRESIDENTE DA  
ASOCIACIÓN ADDIS-GALICIA

Salvador Fernández Moreda

Javier A. Gutiérrez Roger

**27.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E CAIXA GALICIA COA SECRETARÍA XERAL DE RELACIÓNS EXTERIORES DA XUNTA DE GALICIA, PARA A EXECUCIÓN DUNHA CAMPAÑA INSTITUCIONAL PARA A SENSIBILIZACIÓN DA POBOACIÓN GALEGA ACERCA DA COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO E AS ACTUACIÓNS DA DIRECCIÓN XERAL DE COOPERACIÓN EXTERIOR DA XUNTA DE GALICIA.**

#### INTERVENCIONES

##### **Sr. García Borregón**

Grazas, Sr. Presidente. O punto 27 trata da aprobación dun convenio de colaboración entre a Deputación Provincial e Caixa Galicia coa Secretaría Xeral de Relacións Exteriores para unha campaña institucional para a sensibilización da poboación en temas de cooperación ao desenvolvemento.

En primeiro lugar, queriamos expresar o apoio do noso grupo á necesidade e á obriga das institucións de exercer a solidariedade a través de proxectos de cooperación, e iso poñerémolo de manifesto sempre nos casos que este Pleno debata proxectos viables de cooperación, en accións onde as necesidades mínimas de subsistencia non estean cubertas, é o caso do punto anterior da orde do día, de acordo coa ampliación dun orfanato en Addis-Abbeba.

Tamén vemos a conveniencia de concienciar a poboación da necesidade de establecer liñas de cooperación ao desenvolvemento. Neste convenio trátase de cooperar coa Dirección Xeral de Cooperación na campaña de sensibilización, que ten un custo de 300.000 euros para diferentes poboacións de Galicia. Establécese no convenio a participación da deputación nun 30%, un 30% que é a porcentaxe das

poboacións da provincia da Coruña con respecto ás 60 poboacións que se van facer en toda Galicia. O noso grupo entende que, segundo ese criterio, e é algo que queríamos preguntar, é dicir que o resto da campaña de sensibilización en toda Galicia se financia cos outros partícipes, a Xunta de Galicia e Caixa Galicia, é dicir, o resto da poboacións de Galicia que lle corresponden a cada provincia non teñen participación outras deputacións, entendo que a única deputación que intervén no cofinanciamento destes 300.000 euros é a Deputación da Coruña. Esta é a primeira dúbida que se nos expón.

Segundo, non entendemos por que nunha campaña da Dirección Xeral teña que participar a Deputación da Coruña cando se deduce que no proxecto, e díxeno, non participan outras deputacións, e nas cales se vai facer, dentro do seu territorio provincial, a citada campaña.

Non vemos tampouco xustificable que nuns proxectos de cooperación da Xunta de Galicia participe a institución provincial en temas de publicidade e propaganda no aspecto da campaña que se pode facer en temas de cooperación e, isto é, vézolo menos entendible cando o orzamento de cooperación da Xunta de Galicia no ano 2007 non foi gastado, é máis, a promesa que se fixo por parte do goberno galego nos catro anos de lexislatura de empregar un 0,7%, ao cabo da lexislatura, do orzamento en temas de cooperación, a un ano de finais desta lexislatura lévase gastado o 0,07, é dicir, non chega ao 0,1%, co cal hai orzamento de cooperación por parte da Xunta de Galicia, non xa para financiar a campaña de sensibilización, senón para os propios proxectos de cooperación.

Polo tanto, primeiro, cómpre aclarar se estamos no certo do que deducimos do informe, mellor dito, do informe e do propio convenio, se é así ese financiamento, entendemos que sen orzamento esgotado por parte da Xunta nisto, a intervención desta institución en campañas de sensibilización, incluso na nosa provincia, non creo que sexa necesidade de achega de fondos públicos por esta institución. Polo tanto, en principio nós daremos o noso voto negativo neste punto. Moitas grazas.

### **Sr. Lagares Pérez**

Moitas grazas, Sr. Presidente, Sras. e Sres. Deputados. Evidentemente, empezo pola achega do 0,7% da Xunta de Galicia, descoñecemos a estrutura orzamentaria da Xunta de Galicia, a través das súas consellerías correspondentes, o que si, eu falareille do que nos atinxe a esta institución provincial onde, indubidablemente, coa intervención anterior do presidente e coa análise económica pormenorizada dos orzamentos do exercicio correspondente, estamos no 0,7%, nalgúns casos incluso se supera.

Trátase aquí dun convenio para sensibilizar a poboación galega acerca da cooperación e desenvolvemento das necesidades da emigración, neste caso é un convenio a tres partes, por unha parte a Xunta, a través da Dirección Xeral de Cooperación Exterior, por outra parte Caixa Galicia e, doutra parte, a Deputación da

Coruña.

O financiamento aparece perfectamente reflectido na páxina 2, en onde dos 300.000 euros, a deputación achega 90.000, Caixa Galicia, 60.000 e a Xunta de Galicia, 150.000 euros. E no propio convenio, modelo de convenio, que han de asinar entre as tres institucións que van colaborar, a Deputación Provincial da Coruña vailles remitir as súas economías a concellos da provincia da Coruña. O que van facer as outras tres deputacións descoñecémolo, pero, si, o que vai facer a Deputación Provincial da Coruña é investir os seus 90.000 euros preferentemente, e aparece aí no anexo do convenio, nos concellos da Coruña, Santiago de Compostela, Ordes, Carballo, Betanzos, Ortigueira, Cedeira, Narón, Ferrol, Pontedeume, As Pontes de García Rodríguez, Camariñas, Muxía, Corcubión, Muros, Noia, Ribeira, Boiro, Rianxo, Melide e Cambre, é dicir, as economías da Deputación da Coruña vanse investir no ámbito territorial da provincia da Coruña, o que fagan o resto das deputacións, que eu entendo que igual xa teñen tomada a súa decisión, sería outro tema, e aí compartimos a intervención do Grupo Popular a través do Sr. Borregón de que a campaña de sensibilización a través de exposicións itinerantes, que será moi favorable para que a sociedade galega comprenda a situación na que se atopan os nosos conveciños. Moitas grazas.

Sr. García Borregón

Moi brevemente, Sr. Presidente.

Facer énfase na conveniencia da concienciación da poboación na necesidade de establecer liñas de cooperación, eu creo que é importantísimo que a poboación en xeral saiba que é o esforzo que se fai por parte das institucións en temas de cooperación, segundo o que din tamén as premisas do Consello de Cooperación e o Fondo de Cooperación, e todo isto. Pero eu vou ao tema do convenio, efectivamente. Dos 300.000 euros, que é o propio convenio, que é para a campaña de sensibilización de Galicia, o 30% pono esta institución, quere dicir que o resto os poñen as outras dúas nunha campaña institucional para todo o territorio, con independencia de que nós poñamos no 30% do total das poboacións, estamos poñendo o 30% do total do convenio que se vai facer en toda a comunidade autónoma. Polo tanto, eu iso véxoo inxusto, se fose un convenio no que se gastasen 300.000 euros na provincia da Coruña e nós participásemos, déase conta de que no que se vai participar, por parte desa campaña institucional, é no 85% do que se vai gastar, pon a Deputación o 85% do que se vai gastar nas poboacións da provincia, dos 90.000, 105.000, di no convenio, é o 30% da totalidade, pero é o 85 e pico por cento do que se vai gastar nas poboacións, eu creo que iso é absolutamente desnivelado para esta institución este tipo de campaña, e iso vémolos así e, ademais, creo que, cando a campaña, que é unha campaña de interese, ten que ter o seu interese, fáino a Xunta de Galicia con orzamentos, mellor dito, para potenciar os seus proxectos de cooperación, cando non ten gastado o seu orzamento nesta partida, o lóxico é que a Xunta de Galicia asuma nesta actividade a totalidade do



seu orzamento, que faga o convenio con quen queira, ou coa Caixa Galicia ou con quen queira, pero ou que se faga máis e que participen todas, porque nós estamos financiando indirectamente o que se fai nas outras poboacións de Galicia, e iso é o que eu vexo totalmente desnivelado, e non vexo lóxica, non é que esteamos en contra de que se faga, todo o contrario, díxeno desde o principio, pero creo que este convenio está mal exposto, e iso é o que nós dicimos, nestes termos non imos dar o noso apoio. Moitas grazas.

### Sr. Presidente

Grazas, Sr. García Borregón, eu a verdade é que estiven atendendo á súa intervención, e non entendo o que quere dicir.

Vostede está de acordo en que as administracións públicas sensibilicen os cidadáns sobre o tema das desigualdades no mundo e a necesidade da cooperación?, ben, pois iso é o que estamos facendo. Estamos contribuindo, non a dicir o que se fai en materia de cooperación, senón sensibilizar os cidadáns sobre esta cuestión. E vostede fálame de se a Xunta gastou ou non, non sei se gastou ou non gastou, se piden a cooperación para sensibilizar, paréceme que é razoable entrar aí e sensibilizar. Nós non podemos financiar unha campaña de sensibilización porque o noso ámbito de actuación é a provincia da Coruña, pero as 60 localidades que van ter estas mostras van levar en todas as 60 o logotipo da Deputación da Coruña, e a min gustaríame que outras deputacións e outras administracións públicas tivesen a sensibilidade que ten a Deputación da Coruña para participar nestas cousas.

Moléstalle a vostede que en Pontevedra poña na carpa Deputación da Coruña?, que problema hai? Non, é que non podemos empezar, é que se é o 40%, é o 30%, é o que sexa, son 90.000 euros de 300.000, e imos participar nunha campaña de sensibilización en toda Galicia, cunha administración pública e unha fundación, creo que é Fundación Caixa Galicia, non Caixa Galicia, unha fundación como podían estar outras fundacións privadas e outras administracións públicas.

Polo tanto, se estamos de acordo, estamos de acordo, pero non busquemos argumentos para explicar, baseándonos en se gastou o orzamento ou non gastou o orzamento, se financiamos ou non financiamos, en calquera caso van facer 21 exposicións en 21 localidades da provincia que é máis de 30% que financiamos, que non financiamos o 30%, levando o tema aos números, pagamos o 90%, que é menos do 30% e vaise realizar na provincia da Coruña máis do 30% das mostras que se van facer en toda Galicia, porque se fan 60 e aquí fanse 21. En fin, como vostedes queiran.

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 18 deputados (12 do PSOE e 6 do BNG)

Votan en contra: 12 deputados (PP)

Abstéñense: ningún deputado

## **ACORDO**

Apróbase o seguinte ditame da comisión:

“Aprobar a formalización e o texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e Caixa Galicia coa Secretaría Xeral de Relacións Exteriores da Xunta de Galicia, para a execución dunha campaña institucional para a sensibilización da poboación galega acerca da cooperación ao desenvolvemento e as actuacións da Dirección Xeral de Cooperación Exterior da Xunta de Galicia, cunha achega provincial de 90.000 euros, que supón un coeficiente de financiamento do 30%, que se aboará con cargo á aplicación orzamentaria 0104/330B/48901, documento contable RC N°. operación 220080008524 do 17/04/08.”

### **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E CAIXA GALICIA COA SECRETARÍA XERAL DE RELACIÓNS EXTERIORES DA XUNTA DE GALICIA, PARA A EXECUCIÓN DUNHA CAMPAÑA INSTITUCIONAL PARA A SENSIBILIZACIÓN DA POBOACIÓN GALEGA ACERCA DA COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO E AS ACTUACIÓNS DA DIRECCIÓN XERAL DE COOPERACIÓN EXTERIOR DA XUNTA DE GALICIA**

Santiago de Compostela, de de 2008

## **REUNIDOS**

Dunha parte, O Sr. D. Jesús Salvador Fernández Moreda, en calidade de presidente da Excm. Deputación Provincial da Coruña, nomeado mediante o acordo adoptado polo Pleno Corporativo en sesión constitutiva do día 18 de xullo de 2007, que intervéen neste acto por conta e en representación da Excm. Deputación Provincial da Coruña, ao abeiro do establecido no art. 34.1.f) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

E, o Sr. D. José Luis Méndez López, Director Xeral da CAIXA DE AFORROS DE GALICIA (en diante, CAIXA GALICIA), actuando en nome e representación dela no ámbito da súa Obra Benéfico-Social, a cal ten o seu domicilio na cidade da Coruña, nos números 30 e 32 da Rúa Nova; achándose inscrita no Rexistro Especial de Caixas Populares de Aforro do Banco de España co número 130, no Rexistro de Caixas de Aforros Galegas da Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia no libro cuxa rúbrica é "Caixa de Aforros de Galicia", e no censo de Entidades Xurídicas do Ministerio de Economía e Facenda co CIF G-15028947.

Doutra parte, o Sr. D. Julio César Félix Fernández Mato, en calidade de secretario xeral de Relacións Exteriores, designado mediante o Decreto 217/2007, do 15 de novembro, publicado no Diario Oficial de Galicia número 222, do 16 do mesmo mes e ano, que intervén neste acto por conta e en representación da Xunta de Galicia, ao abeiro do establecido nos artigos 34 e concordantes da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e o seu presidente, de acordo co establecido na letra b) da disposición adicional segunda do Decreto 44/2006, do 2 de marzo, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, publicado no Diario Oficial de Galicia número 53, do 16 de marzo de 2006.

Todas as partes recoñécense entre si capacidade legal suficiente para a celebración deste convenio e, para tal efecto

### **EXPOÑEN**

Que tanto a normativa estatal, contida esencialmente na Lei 23/1998, de cooperación internacional ao desenvolvemento, como a galega, Lei 3/2003, de cooperación ao desenvolvemento, contemplan ás entidades locais, entre outras institucións, como principais actores nesta materia, razón pola a Deputación Provincial da Coruña.

Que tanto a Excm. Deputación Provincial da Coruña, pola razón apuntada anteriormente, como CAIXA GALICIA consideran de interese para a cidadanía galega colaborar coa Secretaría Xeral de Relacións Exteriores, a través da Dirección Xeral de Cooperación Exterior, na realización dunha campaña destinada á sensibilización da cidadanía galega sobre a cooperación ao desenvolvemento e á difusión das actuacións da citada Dirección Xeral de Cooperación Exterior.

Que CAIXA GALICIA, de acordo co disposto polo ordenamento xurídico, realiza a actividade correspondente ao ámbito da súa Obra Benéfico-Social, que é inherente á súa mesma natureza, por medio de obras benéfico-sociais concretas, propias ou en colaboración, entre as que se atopa a obra propia denominada "Socialia", un de cuxos obxectivos é o de fomentar a cohesión e o progreso social a través do apoio a institucións ou entidades que realicen accións dirixidas á consecución dos fins susceptibles de seren encadrados nos destinos indicados á Obra Benéfico-Social no Decreto legislativo 1/2005, do 10 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido das leis 7/1985, do 17 de xullo, 4/1996, do 31 de maio, de Caixas de Aforros de Galicia e no Decreto do Consello da Xunta de Galicia 361/1999, do 17 de setembro.

Que a Secretaría Xeral de Relacións Exteriores, á que está adscrita a Dirección Xeral de Cooperación Exterior, é un órgano superior dependente funcionalmente da Presidencia da Xunta de Galicia que ten atribuídas, entre outras, as funcións en materia de cooperación para o desenvolvemento.

Que a Xunta de Galicia, de acordo co recto exercicio das súas competencias e funcións en materia de cooperación exterior, debe incentivar a participación social e cívica nas accións de cooperación ao desenvolvemento mediante a realización ou financiamento de campañas de concienciación e sensibilización a favor dos pobos máis desfavorecidos.

Que unha das prioridades sectoriais establecidas na Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento, é a concienciación da opinión pública en materia de cooperación ao desenvolvemento mediante o coñecemento da realidade dos países subdesenvolvidos. Neste sentido o I Plan director da cooperación galega para o desenvolvemento 2006-2009, que está a desenvolver a Dirección Xeral de Cooperación Exterior, establece como obxectivo prioritario a realización unha política activa e integral de fomento do coñecemento das desigualdades no mundo, de sensibilización da poboación galega para a súa superación e de educación para o desenvolvemento.

Que pese ao progresivo aumento dos recursos que Galicia destina ás políticas de cooperación para o desenvolvemento, existe aínda entre os galegos e as galegas un gran descoñecemento sobre os plans e proxectos que se están a desenvolver para mellorar a situación dos países máis empobrecidos. Neste marco, preténdense alcanzar os seguintes obxectivos:

- Divulgar o traballo que está a realizar a Dirección Xeral de Cooperación Exterior en países de África, América e Asia, ou ben mediante o respaldo aos proxectos desenvolvidos por universidades, empresas, sindicatos e ONGD, ou ben a través de proxectos xestionados directamente pola Xunta de Galicia.
- Evidenciar a necesidade da cooperación galega e dar a coñecer o importante labor que realiza mediante a mostra dos seus proxectos. A clave será ligar a acción co resultado, de xeito que se poida ver que a axuda non se perde senón que hai un destinatario concreto.
- Aumentar a implicación doutros axentes e acadar un maior respaldo das empresas co obxecto de chegar a ámbitos onde, en ocasións, non poden estar presentes as organizacións non gobernamentais.
- Acadar unha maior presenza na rúa, así como en ámbitos educativos e profesionais co fin de que estes colectivos, a súa vez, divulguen o importante traballo que está a facer a Dirección Xeral de Cooperación Exterior nestes países.
- Dar a coñecer, de xeito directo, os testemuños dos cooperantes que están a traballar en proxectos no exterior co fin de que a poboación galega dispoña dunha visión realista e próxima destes países e de como se pode contribuír a mellorar a situación destas comunidades.

Por todo isto, as partes acordan subscribir este convenio de colaboración que se rexerá polas seguintes

## CLÁUSULAS

### **PRIMEIRA: OBXECTO DO CONVENIO**

Primeira.- A Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Cooperación Exterior (en adiante a Dirección Xeral), comprométese realizar unha campaña destinada á sensibilización da cidadanía galega sobre a cooperación ao desenvolvemento e á difusión das actuacións da citada Dirección Xeral de Cooperación Exterior, mediante a realización das actuacións que se describen no anexo que se xunta como parte integrante do presente convenio, conforme ao establecido no artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Así mesmo, a Dirección Xeral comprométese a incorporar de forma visible en todas as accións derivadas das actividades subvencionadas (placas, letreiros, carteis, publicacións, material de difusión, publicidade e calquera outros soportes) xunto ao logotipo oficial da cooperación galega os da Deputación Provincial da Coruña e de CAIXA GALICIA, todo iso en formato duradeiro e material resistente, para a debida difusión da orixe da subvención.

**SEGUNDA:** A Dirección Xeral remitiralle á Deputación Provincial da Coruña e a CAIXA GALICIA, información continua en canto acaezan as correspondentes circunstancias ou novidades do avance e estado de execución do presente convenio, que deberá render conta inmediata de calquera aclaración ou ampliación de información que se lle requirise.

**TERCEIRA:** O presente convenio manterá a súa vixencia ata o 30 de decembro de 2008, incluíndo as actuacións iniciadas dende o mes de abril de 2008, sen prexuízo da execución anticipada e de conformidade, a plena satisfacción, dos gastos financiados pola achega da Comunidade Autónoma de Galicia.

**CUARTA:** O importe total do proxecto estímase en trescentos mil euros (300.000,00 €), coa seguinte distribución:

Excma. Deputación da Coruña: noventa mil euros (90.000,00). Tendo en conta que as actuacións previstas no presente convenio, a realizar nun mínimo de 60 poboacións de Galicia, supoñen un gasto total inicial de 300.000 euros, e que as 21 que corresponden a poboacións da provincia da Coruña (descritas no anexo) representan un 30 % do total, a Deputación da Coruña financia coa súa achega (90.000 euros) un gasto inicial estimado de 105.000 euros, é dicir, o 85,71 % do gasto imputable ás actuacións en poboacións da provincia da Coruña.

CAIXA GALICIA: sesenta mil euros (60.000,00)

Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Cooperación Exterior: cento cincuenta mil euros (150.000,00) con cargo á aplicación orzamentaria 04.41.331A.640.0

Os fondos comprometidos pola Excm. Deputación da Coruña e CAIXA GALICIA xerarán crédito na antedita aplicación orzamentaria 04.41.331A.640.0

Estes fondos comprometidos pola Excm. Deputación Provincial da Coruña e CAIXA GALICIA ingresaranse, unha vez asinado este convenio, no Tesouro Público da Xunta de Galicia na súa conta operativa aberta na entidade Caixa Galicia (Conta nº: 2091-0300-47-3110063172), no concepto de: colaboración financeira coa Dirección Xeral de Cooperación Exterior para a realización dunha campaña destinada á sensibilización en materia de cooperación ao desenvolvemento no marco do convenio asinado o \_\_\_\_\_. Rematada a campaña a Dirección Xeral de Cooperación Exterior remitirá certificación da súa total realización e de que os fondos se destinaron ao financiamento das accións descritas no anexo deste convenio.

No suposto de que o gasto xustificado imputable ás actuacións levadas a cabo nas poboacións correspondentes á provincia da Coruña fose inferior a 105.000 euros, ao importe xustificado aplicaráselle o coeficiente de financiamento descrito, do 85,71 %, coa conseguinte obriga de reintegrar a diferenza correspondente por parte da Dirección Xeral de Cooperación Exterior.

**QUINTA:** A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, ou de calquera outra natureza, entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto deste convenio coa Xunta de Galicia, de tal maneira que por este concepto non se poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiaria,

**SEXTA:** Son causas de resolución deste convenio: o incumprimento de calquera das cláusulas establecidas nel, a aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión, a falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas. Concorrendo tales supostos procederase á súa inmediata resolución

**SÉTIMA:** O convenio ten natureza administrativa e queda fóra do ámbito da Lei de contratos das administracións públicas (R.D. Lexislativo 2/2000, do 16 de xuño), en virtude do establecido no artigo 3.1.c) e d) desta.

**OITAVA:** Nos supostos de denuncia do convenio polas partes ou de que na súa aplicación se apreciasen lagoas ou diverxencias, o convenio resolverao ou integrarao e interpretarao motivadamente a Administración autonómica no prazo de quince días desde que se presentaran, previo ditame non vinculante dunha comisión paritaria integrada por igual número de técnicos que designen para o efecto a Excm. Deputación Provincial da Coruña, Caixa Galicia e a Dirección Xeral de Cooperación Exterior. Contra as súas resolucións, e polo carácter administrativo deste convenio, poderanse interpoñer os oportunos recursos contenciosos - administrativos ante o órgano xurisdiccional desa orde que resultase competente conforme ás normas

procesuais e de planta en vigor. Tamén se poderán interpoñer calquera outros recursos e accións que en Dereito fosen admisibles segundo o ordenamento xurídico español.

Para a denuncia deste convenio precisarase que as partes dirixan escrito motivado á comisión paritaria, que se ha de reunir no prazo de dez días desde a súa recepción.

**NOVENA:**As partes asinantes deste convenio dan o seu consentimento para a publicación das axudas concedidas nas súas páxina oficiais da web e nos rexistros públicos que procedan, de acordo co establecido no artigo 13, apartados 3 e 4, da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na administración pública, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

**DÉCIMA:**Para todo o non previsto expresamente no texto deste convenio será de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 287/2000, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia en canto non se opoña ao establecido na antedita Lei 9/2007; a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo que a desenvolve; a Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na administración pública Galega e demais normativa que sexa de aplicación.

E, en proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente convenio por exemplar cuadruplicado, no lugar e data indicados no encabezamento.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado mediante acordo plenario con data do

POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	POR CAIXA GALICIA O DIRECTOR XERAL	POLA XUNTA DE GALICIA Por desconcentración ( D. 44/2006) O SECRETARIO XERAL DE RELACIÓNS EXTERIORES

D.SALVADOR  
FERNÁNDEZ MOREDA

D. JOSÉ LUIS MÉNDEZ  
LÓPEZ

D. JULIO CÉSAR FÉLIX  
FERNÁNDEZ MATO

## ANEXO

### ACTIVIDADES A DESENVOLVER

As actuacións obxecto deste convenio, que deseguido se detallan, executaranse por parte da Dirección Xeral a través da contratación dun servizo de deseño, produción, promoción e execución dunha campaña institucional para a sensibilización da poboación galega sobre a cooperación ao desenvolvemento e á difusión das actuacións da citada Dirección Xeral de Cooperación Exterior.

Actividades a desenvolver:

Exposición en itinerancia, que deberá percorrer un mínimo de 60 poboacións galegas, entre as que deben incluírse as 7 principais cidades galegas e todas as cabeceiras de comarca (exposición fotográfica e actividades paralelas como proxeccións audiovisuais e sesións de conta contos entre outras).

Difusión en medios de comunicación, que incluírá a difusión dunha campaña específica o Día Mundial dos Dereitos Humanos o día 10 de decembro de 2008.

Os fondos comprometidos pola Excmá Deputación Provincial da Coruña destinaranse a financiar a campaña na provincia da Coruña, en especial nas localidades de:

A Coruña, Santiago de Compostela, Ordes, Carballo, Betanzos, Ortigueira, Cedeira, Narón, Ferrol, Pontedeume, As Pontes de García Rodríguez, Camariñas, Muxía, Corcubión, Muros, Noia, Ribeira, Boiro, Rianxo, Melide e Cambre.

### **28.-MODIFICACIÓN DO CADRO DE ACTUACIÓNS DA PRIMEIRA, SEGUNDA E TERCEIRA ANUALIDADE DO PDT DE PRODUCTO TURÍSTICO FERROL-ORTEGAL.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

### **“1. MODIFICACIÓN DO CADRO DE ACTUACIÓNS DA PRIMEIRA ANUALIDADE DO PLAN DE DINAMIZAICÓN DO PRODUCTO TURÍSTICO FERROL-ORTEGAL.**

#### **1.1 Actuacións que experimentan altas e baixas na primeira anualidade:**

Nº	ACTUACION	ORZAMENTO	ORZAMENTO	OBSERVACIÓNS
----	-----------	-----------	-----------	--------------



		<b>PREVISTO 22/10/07</b>	<b>ACTUALIZADO</b>	
<b>1</b>	<b>IDENTIDADE CORPORATIVA</b>	<b>11.440,00 €</b>	11.140,00 €	Baixa na partida en 300,00€ por baixas na contratación
<b>4</b>	<b>CAMPAÑA DE CONCIENCIACIÓN</b>	<b>13.028,98 €</b>	63.028,98 €	Alza na partida en 50.000,00€ ao desprazar a subactuación "Material Promocional (guía e vídeo) de 2ª anualidade a 1ª"
4.4	Material Promocional (guía e vídeo)	0,00 €	50.000,00 €	
<b>5</b>	<b>SINALIZACIÓN</b>	<b>40.000,00 €</b>	28.753,20 €	Baixa na partida en 11.246,8€ por baixa na contratación
<b>6</b>	<b>CREACIÓN DE RUTAS TEMÁTICAS</b>	<b>72.807,51 €</b>	27.404,00 €	Baixa na partida en 45.403,51€ por baixas na contratación e ao desprazar a subactuación "Camiños Milenarios" á 2ª anualidade do PDPT
6.1	Camiños Milenarios de San Andrés de Teixido (1ª fase)	36.792,51 €	0,00 €	
<b>7</b>	<b>PROGRAMA DE PROMOCIÓN DA CALIDADE TURÍSTICA</b>	<b>30.000,00 €</b>	24.900,00 €	Baixa na partida en 5.100,00€ por baixa na licitación
<b>8</b>	<b>INFRAESTRUTURAS DE INFORMACIÓN TURÍSTICA E RECEPCIÓN DE VISITANTES</b>	<b>295.649,11 €</b>	323.331,90 €	Alza na partida en 27.682,79€ ao incluír 2 novas casetas de información turística e unha rampla de acceso a outra.
8.4.2	Casetas información turística (Mugardos e Valdoviño)	0,00 €	39.675,48 €	Compénsanse con baixas na licitación
8.4.3	Rampla acceso caseta información Mañón	0,00 €	196,48 €	
<b>9</b>	<b>POTENCIACIÓN TURISMO NÁUTICO E DEPORTIVO, SOSTIBLE E ACCESIBLE</b>	<b>145.163,00 €</b>	137.930,52 €	Baixa na partida en 7232,48€ por baixas na contratación

<b>10</b>	<b>PÁXINA WEB</b>	<b>30.000,00 €</b>	23.600,00 €	Baixa na partida en 6.400,00€ por baixa na contratación
<b>11</b>	<b>PERFIL TURISTA E ESTUDO DE MERCADO</b>	<b>12.000,00 €</b>	10.000,00 €	Baixa na partida en 2.000,00€ por baixa na contratación

## 1.2 Cadro de actuacións definitivo da primeira anualidade.

Nº	ACTUACIÓN 1ª ANUALIDADE	ORZAMENTO PREVISTO 22/10/07	ORZAMENTO ACTUALIZADO	ECONOMIA (C-D)
<b>1</b>	<b>IDENTIDADE CORPORATIVA</b>	<b>11.440,00 €</b>	<b>11.140,00 €</b>	<b>300,00 €</b>
1.1	Creación e deseño de marca (Logo); Manual de identidade	10.440,00 €	10.440,00 €	0,00 €
1.2	Rexistro e protección de marca	1.000,00 €	700,00 €	300,00 €
<b>2</b>	<b>PROMOCIÓN PDPT</b>	<b>17.616,40 €</b>	<b>17.616,40 €</b>	<b>0,00 €</b>
2.1	Tríptico plan	1.983,60 €	1.983,60 €	0,00 €
2.2	Mapa	7.632,80 €	7.632,80 €	0,00 €
2.3	Banco de imaxes	8.000,00 €	8.000,00 €	0,00 €
<b>3</b>	<b>XORNADAS PROFESIONAIS</b>	<b>10.480,00 €</b>	<b>10.480,00 €</b>	<b>0,00 €</b>
3.1	Asistencia a FITUR	5.000,00 €	5.000,00 €	0,00 €
3.2	Asistencia a SITC	2.000,00 €	2.000,00 €	0,00 €
3.3	Campaña Tenedor de Oro	3.480,00 €	3.480,00 €	0,00 €
<b>4</b>	<b>CAMPAÑA DE CONCIENCIACIÓN</b>	<b>13.028,98 €</b>	<b>63.028,98 €</b>	<b>-50.000,00 €</b>
4.1.	Campaña de publicidade evento Equiocio	6.028,98 €	6.028,98 €	0,00 €
4.2.	Material promocional	5.080,00 €	5.080,00 €	0,00 €
4.3	Merchandising. Pombas de San Andrés	1.920,00 €	1.920,00 €	0,00 €
4.4	Material Promocional (guía e vídeo)	vén da 2ª an	50.000,00 €	-50.000,00 €
<b>5</b>	<b>SINALIZACIÓN</b>	<b>40.000,00 €</b>	<b>28.753,20 €</b>	<b>11.246,80 €</b>
5.1	Paneis de acceso a municipios con texto de destino piloto PDPT.	12.000,00 €	10.753,20 €	1.246,80 €
5.2	Elaboración plan sinalización turística do destino	28.000,00 €	18.000,00 €	10.000,00 €
<b>6</b>	<b>CREACIÓN DE RUTAS TEMÁTICAS</b>	<b>72.807,51 €</b>	<b>27.404,00 €</b>	<b>45.403,51 €</b>
6.1	Camiños Milenarios de Santo André de Teixido (1ª fase) (vaise á 2ª anualidade)	36.792,51 €	0,00 €	36.792,51 €
6.2	Proxecto técnico de rutas (1ª fase)	27.615,00 €	19.054,00 €	8.561,00 €

6.3	Interpretación do patrimonio natural e cultural de Mugar dos (I) (Contidos)	8.400,00 €	8.350,00 €	50,00 €
7	<b>PROGRAMA DE PROMOCIÓN DA CALIDADE TURÍSTICA</b>	<b>30.000,00 €</b>	<b>24.900,00 €</b>	<b>5.100,00 €</b>
7.1	Implantación de MACT (1ª fase)	30.000,00 €	24.900,00 €	5.100,00 €
8	<b>INFRAESTRUTURAS DE INFORMACIÓN TURÍSTICA E RECEPCIÓN DE VISITANTES</b>	<b>295.649,11 €</b>	<b>323.331,90 €</b>	<b>-27.682,79 €</b>
8.1	Centros de recepción	0,00 €	0,00 €	0,00 €
8.2	Ordenadores	19.200,00 €	19.199,86 €	0,14 €
8.3	Impresoras	4.500,00 €	2.085,00 €	2.415,00 €
8.4	Casetas de información turística	100.000,00 €	139.060,66 €	-39.060,66 €
8.4.1	<i>Casetas información turística (Ares, Fene, Narón, As Somozas, Mañón)</i>	<i>100.000,00 €</i>	<i>99.188,70 €</i>	<i>811,30 €</i>
8.4.2	<i>Casetas información turística (Mugar dos e Valdoviño)</i>	<i>0,00 €</i>	<i>39.675,48 €</i>	<i>-39.675,48 €</i>
8.4.3	<i>Rampla acceso caseta información Mañón</i>	<i>0,00 €</i>	<i>196,48 €</i>	<i>-196,48 €</i>
8.5	Creación oficina de información turística no Castelo de Moeche	21.000,00 €	19.513,52 €	1.486,48 €
8.5.1	<i>Creación de oficina Moeche (Mobiliario atención)</i>		<i>11.113,96 €</i>	
8.5.2	<i>Creación de oficina Moeche (Obra)</i>		<i>8.399,56 €</i>	
8.6	Equipamento punto de información turística de Neda	5.949,11 €	4.272,86 €	1.676,25 €
8.7	Oficina de Turismo Itinerante (Bus turístico)	145.000,00 €	139.200,00 €	5.800,00 €
9	<b>POTENCIACIÓN TURISMO NAUTICO E DEPORTIVO, SOSTIBLE E ACCESIBLE</b>	<b>145.163,00 €</b>	<b>137.930,52 €</b>	<b>7.232,48 €</b>
9.1	Apoio ao Pantín Classic	25.000,00 €	23.952,52 €	1.047,48 €
9.1.1	<i>Subministración roupa serigrafada e marquesiñas</i>		<i>9.600,00 €</i>	
9.1.2	<i>Material pantín classic 2007</i>		<i>5.502,52 €</i>	
9.1.3	<i>libro conmemorativo pantín classic</i>		<i>8.850,00 €</i>	
9.2	Apoio a Clinic de Golf	12.000,00 €	12.000,00 €	0,00 €
9.3	BicicletAres (Aparcamientos para bicicletas)	44.056,49 €	38.130,00 €	5.926,49 €
9.3.1	<i>BicicletAres (Aparcabicis e bicicletas)</i>		<i>26.030,00 €</i>	
9.3.2	<i>Bicicletares (obra de gardabicis)</i>		<i>12.100,00 €</i>	
9.4	Realización de material informativo adaptado ao braille	7.040,00 €	6.900,00 €	140,00 €
9.5	Adaptación de paneis ao braille	7.000,00 €	6.900,00 €	100,00 €
9.6	Embarcacións a vela adaptadas a discapacitados (4)	40.385,00 €	40.385,00 €	0,00 €
9.7	Creación de paquete de cicloturismo	9.681,51 €	9.663,00 €	18,51 €
10	<b>PÁXINA WEB</b>	<b>30.000,00 €</b>	<b>23.600,00 €</b>	<b>6.400,00 €</b>
10.1	Deseño, desenvolvemento de páxina	30.000,00 €	23.600,00 €	6.400,00 €

	web			
<b>11</b>	<b>PERFIL TURISTA E ESTUDO DE MERCADO</b>	<b>12.000,00 €</b>	<b>10.000,00 €</b>	<b>2.000,00 €</b>
11.1	Estudo de mercado turístico e perfil do turista	12.000,00 €	10.000,00 €	2.000,00 €
<b>12</b>	<b>XERENCIA DO PLAN</b>	<b>36.000,00 €</b>	<b>36.000,00 €</b>	<b>0,00 €</b>
12.1	Xerencia de PDPT (01.12.06-31.07.07)	36.000,00 €	36.000,00 €	0,00 €
	<b>Total</b>	<b>714.185,00 €</b>	<b>714.185,00 €</b>	<b>0,00 €</b>
			TOTAL BAIXAS	89.871,96 €
			TOAL ALTAS	-89.871,96 €

### Observacións xerais nas actuacións de 1ª anualidade .

Os cambios nas actuacións fundáronse fundamentalmente por baixas, pola inclusión de dúas novas actuacións (8.4.2 Casetas de información turística (Mugardos e Valdoviño) e 8.4.3 Rampla de acceso a caseta de información en Mañón), así como polo cambio de actuacións entre a primeira e segunda anualidade (a actuación 4.4 (Material promocional (guía e vídeo) vén da 2ª anualidade, mentres que a actuación 6.1 (Camiños Milenarios de Santo André de Teixido (1ª fase) ) pasa á 2ª anualidade

## 2. MODIFICACIÓNS DO CADRO DE ACTUACIÓNS DA SEGUNDA ANUALIDADE DO PLAN DE DINAMIZACIÓN DE PRODUCTO TURÍSTICO FERROL-ORTEGAL.

### 2.1. Actuacións que experimentan altas e baixas na segunda anualidade.

Nº	ACTUACIÓN	ORZAMENTO INICIAL 22/10/07	ORZAMENTO ACTUALIZADO	OBSERVACIÓNS
1	Creación de novos produtos en torno aos Camiños de peregrinación	195.680,26 €	232.784,65 €	Incremento na partida en 37.104,39€ ao desprazar a actuación "Camiños milenarios..." de 1ª á 2ª anualidade e incrementar a actuación "A Galaxia imaxinaria"
3	Posta en valor dos recursos en torno á ruta medieval (I)	88.441,36 €	64.431,00 €	Baixa na partida en 24.010,36€ por baixa na contratación
4	Rutas dos Ríos (I)	428.605,14 €	370.974,64 €	Baixa na partida en 57.630,50€ por baixa na contratación
5	Edición de material de promoción	77.835,49 €	27.457,78 €	Baixa na partida en 50.377,71€ por baixa na contratación e ao pasar a

				actuación "material promocional (guía e vídeo)" á 1ª anualidade
6	<b>Plan de comercialización (I)</b>	15.000,00 €	113.939,50 €	Incremento na partida en 98.939,50€ ao incluír dúas novas actuacións de promoción
7	<b>Xerencia do Plan</b>	40.800,00 €	36.000,00 €	Baixa na partida en 4.800,00€ ao aprobar a 3ª anualidade
8	<b>Gastos Varios</b>	13.200,00 €	13.974,68 €	Incremento na partida en 774,68€ ao concretar as actuacións e pasar crédito á actuación "A Galaxia imaxinaria"

### Observacións xerais ás actuacións da 2ª anualidade.

Os cambios nas actuacións déronse fundamentalmente por baixas, pola inclusión de dúas novas actuacións.(6.2 Televisión IP Ferrol-Ortegal e 6.3 promoción do PDPT, así coma polo cambio de actuacións entre a primeira e a segunda anualidade (a actuación 5.5.1 (Material promocional (guía e vídeo)) pasa a 1ª anualidade, mentres que a actuación 1.2 (Camiños Milenarios de Santo André de Teixido (1ª fase)) vén da 1ª anualidade

### 2.2 Cadro de actuacións definitivo da segunda anualidade

Nº	ACTUACIÓNS 2ª ANUALIDADE	ORZAMENTO COMISIÓN 02/05/07	ORZAMENTO ACTUALIZADO	ECONOMIA (C-D)
<b>1</b>	<b>Creación de novos produtos turísticos en torno aos camiños de peregrinación (I)</b>	<b>195.680,26 €</b>	<b>232.784,65 €</b>	<b>-37.104,39 €</b>
1.1	A Galaxia Imaxinaria (Fene) - (orçamento. inicial)	195.680,26 €	195.680,26 €	-311,88 €
	A Galaxia Imaxinaria (Fene) - (Ampliación do orzam.. procedente de actuac. Gastos Varios)		311,88 €	
1.2	Camiños Milenarios de Santo André de Teixido (1ª etapa)	VÉN DA 1ª ANUALIDADE	36.792,51 €	
1.2.1	<i>Camiños Milenarios de Santo André de Teixido (1ª fase)</i>		11.970,00 €	
1.2.2	<i>Camiños Milenarios de Santo André de Teixido (2ª fase)</i>		24.822,51 €	
<b>2</b>	<b>Creación de novos produtos turísticos para persoas con discapacidades (I)</b>	<b>145.626,75 €</b>	<b>145.626,75 €</b>	<b>0,00 €</b>
2.1	Creación dun novo produto turístico vinculado ao deporte para persoas con discapacidades (Base náutica) (Valdoviño)	145.626,75 €	145.626,75 €	0,00 €
<b>3</b>	<b>Posta en valor dos recursos en torno á ruta medieval (I)</b>	<b>88.441,36 €</b>	<b>64.431,00 €</b>	<b>24.010,36 €</b>

3.1	Obras de acondicionamento do Castelo de Moeche	88.441,36 €	64.431,00 €	24.010,36 €
<b>4</b>	<b>Rutas dos Ríos (I)</b>	<b>428.605,14 €</b>	<b>370.974,64 €</b>	<b>57.630,50 €</b>
4.1	Ruta de Sendeirismo de Ribeira do Bispo-Ambosores (Mañón)	207.455,40 €	149.824,90 €	57.630,50 €
4.2	Paseo fluvial no río Pontellas (Cerdido)	221.149,74 €	221.149,74 €	0,00 €
<b>5</b>	<b>Edición de material de promoción</b>	<b>77.835,49 €</b>	<b>27.457,78 €</b>	<b>50.377,71 €</b>
5.1	Edición de material promocional	60.630,65 €	10.261,36 €	50.369,29 €
5.1.1	<i>Material Promocional (guía e vídeo) (Vaise á 1ª anualidade)</i>	50.000,00 €	0,00 €	
5.1.2	<i>Material Promocional (mapas, trípticos e bolsas)</i>		10.261,36 €	
5.2	Material de merchandising	17.204,84 €	17.196,42 €	8,42 €
5.2.1	<i>Material de merchandising (fetiches)</i>		11.396,42 €	
5.2.2	<i>Material de merchandising (camisetas)</i>		5.800,00 €	
<b>6</b>	<b>Plan de comercialización (I)</b>	<b>15.000,00 €</b>	<b>113.939,50 €</b>	<b>-98.939,50 €</b>
6.1	Presenza en feiras	15.000,00 €	14.825,20 €	174,80 €
6.1.1	<i>Stand en FITUR</i>		5.000,00 €	
6.1.2	<i>Mobiguía en bluetooth</i>		2.900,00 €	
6.1.3	<i>Azafata FITUR 2008</i>		2.981,20 €	
6.1.4	<i>Material para encontro con touroperadores</i>		3.944,00 €	
6.2	Televisión IP Ferrol-Ortegal - NOVA ACTUAC.		85.000,00 €	
6.3	Promoción do PDPT - NOVA ACTUAC.		14.114,30 €	
<b>7</b>	<b>XERENCIA DO PLAN</b>	<b>40.800,00 €</b>	<b>36.000,00 €</b>	<b>4.800,00 €</b>
7.1	Xerencia do PDPT (A partir do 01.08.07 a 31.03.08)	40.800,00 €	36.000,00 €	4.800,00 €
<b>8</b>	<b>GASTOS VARIOS</b>	<b>13.200,00 €</b>	<b>13.974,68 €</b>	<b>-774,68 €</b>
8.1	Gastos Varios	13.200,00 €	13.662,80 €	-462,80 €
8.1.1	<i>Gastos curso xerentes PDPT</i>	<i>SUMA: 13.974,68 dos que 12.888,12 se financian co crédito que había e o resto 1.086,56 son novas altas.</i>	623,81 €	
8.1.2	<i>Tren turístico Ferrol-Ortegal</i>		10.688,12 €	
8.1.3	<i>Asistencia visita profesional tren</i>		2.662,75 €	
	Traspaso para Galaxia Imaxinaria		-311,88 €	
	<b>Total</b>	<b>1.005.189,00 €</b>	<b>1.005.189,00 €</b>	<b>0,00 €</b>
			TOTAL BAIXAS	137.305,25 €

		TOTAL ALTAS	137.305,25 €
--	--	-------------	--------------

### 3. Solicitude de prórroga da segunda anualidade

Solicitar unha prórroga do prazo para a execución e xustificación das actuacións incluídas na acta da Comisión de Seguimento do Plan de Dinamización de Producto Turístico do 2 de maio de 2007, correspondentes ao previsto na segunda anualidade do convenio de colaboración para o desenvolvemento do dito plan, finaliza o vindeiro 2 de maio de 2008. Por causas tales como problemas na execución dalgunhas obras, tales como o "Paseo fluvial do río Pontellas" a cal "Augas de Galicia" solicitou o cambio no pavimento utilizado nalgunhas zonas por unha pasarela de madeira, o cal obrigou ao reformado do proxecto inicial, así coma o prazo de execución noutras, como a "Base náutica das Forcadas", non se vai poder xustificar en tempo ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, polo que se solicitaría unha 1ª prórroga de 6 meses (ata 2 de novembro de 2008) para a súa execución.

### 3. Aprobar a relación de actuacións da terceira anualidade

Nº	ACTUACION	ORZAMENTO INICIAL
	<b>PROXECTO</b>	
<b>1</b>	<b>POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO EN TORNO AOS CAMIÑOS DE PEREGRINACIÓN (II)</b>	<b>325.532,32 €</b>
1.1	Rehabilitación da Casa Reitoral no contorno arquitectónico de Sta María da Pedra para creación de albergue (Cariño)	198.000,00 €
1.2	Rehabilitación da cuberta e fachada principal da ermida de San Antonio de Neda	36.942,51 €
1.3	Acondicionamento do Adro de Santa María e do contorno da ermida de San Antonio (Neda)	90.589,81 €
<b>2</b>	<b>POTENCIACIÓN TURISMO NÁUTICO E DEPORTIVO, SOSTIBLE E ACCESIBLE</b>	<b>41.904,00 €</b>
2.1	Apoio a Pantín Classic 2008	25.000,00 €
2.2	Bicicletares (2ª fase)	16.904,00 €
<b>3</b>	<b>INFRAESTRUTURAS DE INFORMACIÓN TURÍSTICA E DE RECEPCIÓN DE VISITANTES</b>	<b>200.000,00 €</b>
3.1	Creación dun centro de recepción de visitantes (Ortigueira)	200.000,00 €
<b>4</b>	<b>POSTA EN VALOR DOS RECURSOS EN TORNO Á RUTA MEDIEVAL (II)</b>	<b>195.212,20 €</b>
4.1	Remodelación do atrio do Convento del Rosario (San Sadurniño)	195.212,20 €
<b>5</b>	<b>PLAN DE COMUNICACIÓN E COMERCIALIZACIÓN (II)</b>	<b>89.451,48 €</b>
5.1	Asistencia a eventos	20.000,00 €
5.2	Material temático de Promoción	51.355,48 €
5.3	Promoción PDPT	18.096,00 €
<b>6</b>	<b>CREACIÓN DE RUTAS TEMÁTICAS</b>	<b>29.360,00 €</b>

6.1	Creación de rutas urbanas (Cedeira, Ortigueira, Ferrol)	26.000,00 €
6.2	Creación da ruta do pan de Neda	3.360,00 €
<b>7</b>	<b>XERENCIA DO PLAN</b>	<b>54.000,00 €</b>
7.1	Xerencia do plan (01/04/08-31/03/09)	54.000,00 €
	<b>TOTAL TERCEIRA ANUALIDADE</b>	<b>935.460,00 €</b>

Todas as actuacións citada son financiadas con cargo á partida **0305/751A/628.01**.

## **29.- INCORPORACIÓN DA DEPUTACIÓN Á FUNDACIÓN TERRA DE TRASANCOS E APROBACIÓN DOS ESTATUTOS DA FUNDACIÓN.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

”1. Aceptar a integración da Deputación Provincial da Coruña, como patrón, á "Fundación Terra de Trasancos, atendendo ao interese xeral que concorre nos obxectivos e finalidade desta.

2. Aprobar os estatutos polo que se rexe a Fundación e que figuran incorporados ao expediente.

1.Designar como representante da deputación no padroado da Fundación ao vicepresidente da deputación, don Pablo Villamar Díaz"

## **30.-MODIFICACIÓN DO CADRO DE PERSOAL E RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO ANO 2008.**

### INTERVENCIONS

#### **Sr. Gacio Vázquez**

Moitas grazas, Sr. Presidente, neste punto número 30, diante da falta de unanimidades sindical, o Grupo Provincial Popular mantén a abstención dada na comisión.

### VOTACIÓN

Votan a favor: 18 deputados (12 do PSOE e 6 do BNG)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 12 deputados (PP)

### ACORDO



Apróbase o seguinte ditame da comisión:

“Modificar o cadro de persoal e relación de postos de traballo ano 2008, nos seguintes termos,

1.- Creación de 4 prazas/postos de auxiliar educador (2 deles nocturnos) no Fogar Infantil Emilio Romay, Grupo C2, nivel 16 de complemento de destino.

2.- Transformación dunha praza de mozo de servizo axudante (laboral), unha praza de perruqueira (laboral) e outra de celadora (laboral), en tres prazas de auxiliar educador.

3.- Modificar os niveis de complemento de destino dos seguintes postos:

- Auxiliar Educador ao nivel 16.
- Celador ao nivel 14.

4.- Modificación dos complementos específicos dos postos de traballo que figuran a seguir (retribucións totais no caso de persoal laboral):

<b>FUNCIONARIOS</b>									
<b>FUN.</b>	<b>POSTO</b>	<b>ESPECÍFICO BASE</b>	<b>NOCTURNIDADE</b>	<b>FESTIVIDADE</b>	<b>TURNICIDADE</b>	<b>ESPECIAL DEDICACIÓN</b>	<b>HABILITADO ÓU TRAMITADOR</b>	<b>ASISTENCIAS SÁBADOS</b>	<b>TOTAL</b>
							<b>A. C.F.</b>		
111D	Xefe Servicio Planificación e U.E.	14.975,47				12.857,19			27.832,66
121A	Admvo. Asesoría Xurid.	6.252,40				6.694,97			12.947,37
	Letrado As. Adxunto (2)	14.510,60				12.137,79			26.648,39
121B	Xefe Serv. Patrimo.	14.975,47				12.857,19	918		28.750,66
	Xefe Negociado Subministros	9.389,30					918		10.307,30
	Administrativo Ad. (3)	6.252,40					734,40		6.986,80
121C	Xefe Servicio RRHH	14.975,47				12.857,19	918		28.750,66
	Xefe Negociado Nóminas	9.389,30				8.036,14			17.425,44
121E	Xefe Servicio Plans	14.975,47				12.857,19			27.832,66
121F	Xefe Servicio Organización	14.975,47				12.857,59			27.832,66
	Xefe Sección C M								

		14.045,73				10.778,87			24.824,50
126B	Auxiliar Parque Móvil	5.615,75				5663,04	918		12.196,79
126E	Xefe Servizo Asistencia Técnica a Municipios	14.975,47				12.857,59			27.832,66
126F	Oficial Industrial (4)	9.293,20							9.293,20
	Admvo. (1)	6.252,40					734,40		6.986,80
313A	Xefe Servizo Fomento	14.975,47				12.857,59			27.832,66
	Técnico Xestión Admón. Xral.	7.638,85							7.638,85
422A	Técnico Xestión Cultural	14.045,73				11.500,17			25.545,91
313G	Directora F. Emilio Romay	19.394,93				9.789,09	918		20.102,03
	Psicólogo (Media Xor.)	4.238,43							4.238,43
	Educador (5)								4.238,43
	Administrativo (1)	10.143,31							10.143,31
	Aux. Educador (30)	6.252,40					918		7.170,40

	Celadoras (10)	5.922,95		2.110,96	2.110,96			10.144,87
	Cociñeiro (3)							
	Axte. Cociña (1)	5.922,95		2.110,96	2.110,96			10.144,87
	Telefonista (2)	7.387,62		2.110,96	2.110,96			11.609,54
	Aux. Educ. Nocturno (6)	6.542,08		2.110,96	2.110,96			10.764,00
		6.603,00		2.110,96	2.110,96			10.824,92
		5.922,95	3.620,14	2.110,96				11.654,05
313H	Aux. Educ. (11)	5.922,95			2.110,96			8.033,91
Ferrol	Aux. Admón (1)	5.615,75				918		6.533,75
422C	Prof. Secundaria (8)	7.014,67						7.014,67
IES C. SOT.	Prof. Técnico F.P.	7.014,67						7.014,67
422D P. R.	Prof. Secundaria (2)	7.014,67				918		7.932,67
	Prof. Secundaria (34)	7.014,67						7.014,67
	Prof. Apoio (1)							
	Prof. Educ. Física							

	(2)	7.014,67						7.014,67
	Prof. Fogar (1)	7.014,67						7.014,67
		7.014,67						7.014,67
422 E	Prof. Danza (4)	7.668,86						7.668,86
422 G C. SO.	Cocineira (1)	7.387,62		2.110,96	2.110,96			11.609,54
	Axudante Cociña (1)	6.542,08		2.110,96	2.110,96			10.764,00
	Subalterno (1)	5.160,25			2.110,96			7.271,21
431A	Xefe Servizo Enx.e M.	14.975,47			12.857,19			27.832,66
432A	Xefe Serv. Arquitectura	14.975,47				12.857,19		27.832,66
511A	Xefe Serv. Vías e Obras (a extinguir)	14.975,47				12.857,19		27.832,66
	Xefe Serv. Infraestruturas	14.975,47				12.857,19		27.832,66
611B INT.GR.	Xefe Serv. Fiscalización	14.975,47				12.857,19		27.832,66
	Xefe Ser. Contabilidade	14.975,47				12.857,19		27.832,66

611D	Xefe Negociado Ingresos (Tesourería)	10.417,95				918		11.335,95
	Auxiliar Tramitador (1)	6.477,67				734,40		7.212,07
611E	Xefe Servizo (1)	14.975,47			12.857,19			27.832,66
	Xefe Negociado (1)	9.389,30				918		10.307,30
	Xefe Negociado Xestión Recadatoria	9.389,30				918		10.307,30
611F	Xefe Servizo Xestión Tributaria	14.975,47			12.857,19			27.832,66
611J	Xefe Servizo Inspección Tributaria	14.975,47			12.857,19			27.832,66
<b>ESTRUTURA E ÓRGANOS DE GOBERNO</b>								
111B	Técnico A1, 24 (4)	14.045,73			11.500,17			25.545,91
	Técnico A2, 21 (4)	7.638,80			8.383,24			16.022,04
	Administrativos (9)	6.252,40			6.694,97			12.947,37
	Auxiliares Advos. (10)	5.615,75			5.663,04			11.278,78
	Técnico A1, 26	14.510,60			12.137,79			26.648,39

(2)

<b>INCREMENTO FACTORES PERSOAL LABORAL CENTROS</b>							
<b>POSTO</b>	<b>TOTAL RET.</b>	<b>NOCTURNIDADE</b>	<b>FESTIVIDADE</b>	<b>TURNICIDADE</b>	<b>DISPOÑIBILIDADE</b>	<b>ESPECIAL</b>	<b>TOTAL</b>
	<b>2008</b>	<b>17%</b>			<b>FESTIVOS</b>	<b>DEDICACION (30 %)</b>	
<b><u>CENTRO: RESIDENCIAL DOCENTE CALVO SOTELO</u></b>							
COCIÑEIRA (2)	20324,68		2110,96	2110,96			24546,6
AXUDANTE COCIÑA (2)	18116,73		2110,96	2110,96			22338,65
ORDENANZA (1)	16734,9			2110,96			18845,86
TELEFONISTA (2)	18177,65			2110,96			20288,61
SERENO (1)	18178,9	3090,43					21269,33
ORDENANZA (1)	16734,9	533,43					17.268,33
							0
<b><u>CENTRO: FOGAR INFANTIL FERROL</u></b>							
							0
							0
ENCARGADO PORTERIA (2)	18474,13			2110,96			20585,09
COCIÑEIRO/A (3)	20324,68			2110,96			22435,64
CELADORAS (3)	17821,54			2110,96			19932,50
							0
<b><u>CENTRO: BIBLIOTECA PROVINCIAL</u></b>							
							0
							0
SUBALTERNO (3)	16734,9			2110,96			18845,86
							0
<b><u>CENTRO: FOGAR INFANTIL EMILIO ROMAY</u></b>							
							0
							0
CELADORAS (4)	17821,54		2110,96	2110,96			22043,46
COCIÑEIRO/A (1)	20324,68		2110,96	2110,96			24546,6

AXUDANTE COCINA (1)	18116,73		2110,96	2110,96		22338,65
<b>CENTRO: IMPRENTA PROVINCIAL</b>						
GRABADOR TEXTO	21090,73					22554,27
IMPRESOR	21090,73					22554,73
OFICIAL INDUSTRIAL	21090,73					22554,73
AUXILIAR TALLER	17497,71					17497,71
<b>CENTRO: IES PUGA RAMÓN</b>						
PROFESORA SECUNDARIA LABORAL	30799,87					31302,85



5.- Aprobar o cadro de persoal e RPT 2008, que figura a continuación, con efectos económicos a 01/01/2008:

**EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**  
**CADRO DE PERSOAL 2008**

**PERSOAL FUNCIONARIO**

**DENOMINACIÓN-GRUPO-PRAZAS**

**FUNCIONARIOS DE HABILITACIÓN NACIONAL**

Secretario xeral: A1-1  
Interventor xeral: A1-1  
Tesoureiro: A1-1  
Oficial maior: A1-1  
Viceinterventor: A1-1  
Interventor adxunto: A1-1  
Vicetesoureiro: A1-1  
Xefe Servizo Asistencia Económica: A1-1

**ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL**

**SUBESCALAS**

Técnica: A1-20  
Xestión: A2-23  
Administrativa: C1-142  
Auxiliar: C2-64  
Subalterna: E (Lei 30/1984)-23

**ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL**

**SUBESCALA TÉCNICA**

**CLASE TÉCNICOS SUPERIORES**

Letrado Asesor Xurídico: A1-1  
Letrado Adxunto: A1-2  
Arquitecto: A1-2  
Enxeñeiro Industrial: A1-1  
Enxeñeiro Vías e Obras: A1-4  
Arquiveiro Bibliotecario: A1-1  
Técnico de Organización: A1-5  
Xefe Servizo de Informática: A1-1  
Técnico Superior Informática: A1-5  
Técnico Superior Unión Europea: A1-2  
Analista: A1-8  
Técnico Normalización Lingüística: A1-2  
Técnico Políticas de Igualdade: A1-1  
Xefe Servizo Xestión Tributaria: A1-1  
Xefe Servizo Inspección Tributaria: A1-1

Inspector de Tributos Locais: A1-1  
Profesor Secundaria R. Puga Ramón: A1-36  
Profesor Secundaria Calvo Sotelo: A1-8  
Xefe Serv. Asist. Técnica: A1-1  
Xornalista: A1-1  
Administrador do contorno informático: A1-1  
Técnico de Xestión cultural: A1-1  
Recadador de tributos locais: A1-2  
Técnico prevención Riscos Laborais: A1-1  
Médico Especialista Medicina Traballo/Diplomado Medicina Empresa: A1-1  
Técnico Biblioteca e arquivo: A1-1  
Técnico xestión Proxectos: A1-2  
Psicólogo: A1-1  
Director Fogar Infantil Emilio Romay: A1-1  
Técnico Servizos Sociais: A1-1

#### **CLASE TÉCNICOS DE GRAO MEDIO**

Profesor Música-Pianista: A2-5  
Profesora de Danza: A2-6  
Arquitectos Técnicos: A2-6  
Enxeñeiros Técnicos Vías e Obras: A2-5  
Enxeñeiro Técnico Enxe. e Mantemento: A2-1  
Enxeñeiro Técnico Agrícola: A2-1  
Enxeñeiro Técnico Industrial: A2-1  
Analista programador: A2-2  
Encargado imprenta: A2-1  
Técnicos servizos sociais: A2-3  
Profesor Fogar Instituto R. Puga Ramón: A2-1  
Axudante arquivo e biblioteca: A2-11  
Enxeñeiros técnicos en topografía: A2-2  
Técnicos de xestión económico-financeira: A2-16  
Profesor E.F. Instituto Puga Ramón: A2-1  
Profesor E.C. Instituto Puga Ramón: A2-1  
Monitor: A2-1  
Analistas técnicos: A2-3  
Subinspector de Tributos Locais: A2-2  
Técnicos de xestión tributaria: A2-29  
Profesores Técnicos FP : A2-17  
Profesor de apoio IES Puga Ramón: A2-1  
A.T.S./D.U.E. de Empresa: A2-1  
Asesor Sistemas de xestión municipal: A2-5  
Técnico de xestión administración especial: A2-3  
Educador Fogar Infantil Ferrol: A2-2

#### **CLASE TÉCNICOS AUXILIARES**

Delineantes: C1-6  
Programador de sistemas: C1-3  
Técnico Explotación Nocturna: C1-1  
Programador de aplicacións: C1-8  
Operador de ordenador: C1-3  
Preparador de traballos: C1-1  
Encargado de protocolo: C1-1

Monitor Técnico: C1-2  
Axentes Tributarios: C1-3  
Especialista en Educación Infantil: C1-2  
Educador F.I. Emilio Romay (quenda 24 horas): C1-5  
Educador/ Titor : C1-6  
Auxiliar Técnico Infraest. e Conservación: C1-17

## **SUBESCALA DE SERVIZOS ESPECIAIS**

### **PRAZAS DE COMETIDOS ESPECIAIS**

Condutores mecánicos: C2-5  
Auxiliares gravadores: C2-2  
Auxiliar educadora: C2-47  
Auxiliar repartidora B.O.: C2-1  
Subgobernanta: C2-1  
Telefonista: E (Lei 30/1984)-4  
Celadoras: E (Lei 30/1984)-10  
Celadora/Subalerno: E (Lei 30/1984)-2  
Costureiras: E (Lei 30/1984)-2  
Condutores mecánicos: E (Lei 30/1984)-9

### **PERSOAL DE OFICIOS**

Oficial operario de servizos: C2-2  
Oficiais industriais imprenta: C2-4  
Cociñeiros: C2-5  
Axudantes de Cociña: E (Lei 30/1984)-4  
Camareiras: E (Lei 30/1984)-6  
Operario de servizo: E (Lei 30/1984)-1  
Operario Sabón: E (Lei 30/1984)-2  
Operaria de servizos varios: E (Lei 30/1984)-3  
Limpadora: E (Lei 30/1984)-2

### **PERSOAL LABORAL**

Recadador de tributos locais: 2  
Oficiais Maiores: 5  
Oficiais 1ª (R): 10  
Oficiais 2ª (R): 23  
Profesores de ensino secundario.: 1  
Axudante de arquivo biblioteca: 1  
Director Fogar Infantil Ferrol: 1  
Técnico de son: 1  
Operario Auxiliar Serv. Imprenta: 1  
Operario Auxiliar Serv. Biblioteca: 1  
Operario Auxiliar Serv. C. Danza: 1  
Oficial operario de servizos: 3  
A.T.S.: 1  
Oficial mantemento: 1  
Oficial carpintería: 1  
Ordenanzas: 2  
Subalernos: 6

Sereno: 1  
Telefonistas: 2  
Axudante de cociña: 4  
Oper. serv. varios: 8  
Celadoras: 7  
Encargadas de portería: 2  
Corrector de imprenta: 2  
Responsables fotocomposición, impresión e deseño gráfico: 3  
Oficiais de imprenta F.P. II: 7  
Oficiais industriais: 1  
Auxiliar de Taller: 1  
Impresor: 1  
Gravadores de texto: 3  
Gobernanta Pazo de Mariñán: 1  
Cociñeira: 8  
Camareira: 2  
Oper. agrícola: 3  
Operario agrícola encargado: 1  
Auxiliar técnico en topografía: 2  
Mozo de servizo: 2  
Conductor: 1

#### **PERSOAL EVENTUAL**

Asesores: 1  
Técnicos: 6  
Técnicos: 4  
Administrativos: 9  
Auxiliares: 17

**RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA - PERSOAL FUNCIONARIO - 2008**

<u>POSTO DE TRABAJO</u>	<u>NIVEL</u>	<u>GRUPO</u>	<u>DOTACIÓN</u>	<u>C. ESPECÍFICO</u> <u>2008</u>	<u>TP</u>	<u>FORMA</u> <u>PROVISIÓN</u>	<u>ADM</u>	<u>ESCALA</u>	<u>TITULACIÓN</u>	<u>FORMACIÓN</u> <u>ESPECÍFICA</u>	<u>OBSERVACIÓNS</u>
-------------------------	--------------	--------------	-----------------	-------------------------------------	-----------	----------------------------------	------------	---------------	-------------------	---------------------------------------	---------------------

**ASESORÍA XURÍDICA**

ASESOR XURÍDICO	28	A1	1	27.832,66	S	C.		A.E.	Ldo. Dereito.		ESPECIAL DEDICACIÓN
LETRADO ASESOR ADXUNTO	26	A1	2	26.648,39	S	C.		A.E.	Ldo. Dereito.		ESPECIAL DEDICACIÓN
ADMINISTRATIVO ADMÓN. XERAL	19	C1	1	12.947,37	N	C.		A.X.		3	ESPECIAL DEDICACIÓN
AUXILIAR ADMÓN. XERAL	16	C2	2	5.615,75	N	C.		A.X.		4	

**BIBLIOTECA**  
**PROVINCIAL**

ARQUIVEIRO- BIBLIOTECARIO	24	A1	1	14.963,70	S	C.		A.E.	Ldo.Xeog.H.- Documentación		HABILITACIÓN ANTICIPOS DE CAIXA FIXA
AXUDANTE ARQUIVO E BIBL.	21	A2	10	7.638,86	N	C.		A.E.	Dip.Xeog.H.-ARCHIVO		
XEFE NEGOCIADO	22	A2	1	9.389,30	N	C.		A.E.	Dip.Xeog.H.-ARCHIVO		
TÉCNICO BIBLIOTECA E ARQUIVO	22	A1	1	8.476,87	N	C.		A.E.	Ldo. Xeog.H.- Biblioteconomía.		
ESPECIALISTA EDUC. INFANT.	19	C1	2	6.252,40	N	C.		A.E.	Técnico Superior Educ.Infantil		
ADMINISTRATIVO ADMÓN. XERAL	19	C1	3	6.252,40	N	C.		A.X.		3	
AUXILIAR ADMÓN. XERAL	16	C2	1	6.533,75	N	C.		A.X.		4	TRAMITACIÓN ANTICIPOS CAIXA FIXA
AUXILIAR ADMÓN. XERAL	16	C2	4	5.615,75	N	C.		A.X.		4	(2 OCUPADAS AUX. LABORAIS)
SUBALTERNO	13	E (L.30/84)	2	5.160,25	N	C.		A.X.		5	

**ACTAS, REXISTRO E  
INFORMACIÓN**

XEFE SECCIÓN	24	A1/A2	1	15.518,70	S	C.		AX/AE	1/2/9		APERTURA PÚBLICO SÁBADOS
XEFE NEGOCIADO	22	A2/C1	1	10.862,30	N	C.		AX/AE	2/3/9		APERTURA PÚBLICO SÁBADOS
ADMINISTRATIVO ADMÓN. XERAL	19	C1	4	7.725,40	N	C.		A.X.	3		APERTURA PÚBLICO SÁBADOS
AUXILIAR ADMÓN. XERAL	16	C2	6	7.088,75	N	C.		A.X.	4		APERTURA PÚBLICO SÁBADOS
TELEFONISTA	13	E (L.30/84)	2	6.603,00	N	C.		A.E.	5		APERTURA PÚBLICO SÁBADOS

**I.E.S. CALVO SOTELO**

PROFESOR SECUNDARIA	24	A1	8	7.014,67	S	C.		A.E.	Ldo. Sup. Espec. ou equiv. Efectos docencia		(1 OCUPADA FUNC. GRUPO B) - (***)
PROFESOR TÉCNICO F.P.	24	A2	17	7.014,67	S	C.		A.E.	Téc.Espec.FP 2 ou equiv.		(***)

**SERVIZOS XERAIS**

**CENTRO EDUCATIVO  
CALVO SOTELO**

ADMINISTRATIVO ADMÓN. XERAL	19	C1	1	6.986,80	N	C.		A.X.	3		TRAMITACIÓN ANTICIPOS DE CAIXA FIXA
AUXILIAR ADMÓN. XERAL	16	C2	1	6.350,15	N	C.		A.X.	4		TRAMITACIÓN ANTICIPOS DE CAIXA FIXA
AUXILIAR ADMÓN. XERAL	16	C2	2	5.615,75	N	C.		A.X.	4		
SUBALTERNO	13	E (L.30/84)	1	7.271,21	N	C.		A.X.	5		TURNICIDADE

**CENTRO**

**RESIDENCIAL**

**DOCENTE CALVO**

**SOTELO**

COCIÑEIRO/A	15	C2	1	11.609,49	N	C.		A.E.	4		FESTIVIDADE, TURNICIDADE
AXUDANTE COCIÑA	13	E (L.30/84)	1	10.764,00	N	C.		A.E.	5		FESTIVIDADE, TURNICIDADE
COSTUREIRO/A	13	E (L.30/84)	2	4.537,76	N	C.		A.E.	5		
LIMPADOR/A	13	E (L.30/84)	2	4.537,76	N	C.		A.E.	5		

**CONSERVATORIO**

**PROFESIONAL DE**

**DANZA**

PROFESOR DANZA	21	A2	2	8.556,86	N	C.		A.E.	Dip. Ballet Clásico		HABILITADOS ANTICIPOS
PROFESOR DANZA	21	A2	4	7.638,86	N	C.		A.E.	Dip. Ballet Clásico		(OCUPADAS PROF. LABORAIS)
PROFESOR MUSICA-PIANISTA	21	A2	5	7.638,86	N	C.		A.E.	Dip. Música ou equiv.		(1 OCUPADA PROF. LABORAL)
AUXILIAR ADMÓN. XERAL	16	C2	1	6.350,15	N	C.		A.X.		4	TRAMITACIÓN ANTICIPOS DE CAIXA FIXA

**CONTABILIDADE**

XEFE SERVIZO	28	A1	1	27.832,66	S	C.		A.X.		1	ESPECIAL DEDICACIÓN
XEFE SECCIÓN REC. MUNIC. E CONTA XERAL	24	A1/A2	1	14.045,70	S	C.		AX/AE		1/2/9	
XEFE SECC. CONTAB. E OPER.NON PRESUPOST.	24	A1/A2	1	14.045,70	S	C.		AX/AE		1/2/9	
XEFE NEGOC.CONT.FINANC. E PRESUPOST.	22	A2/C1	1	9.389,30	N	C.		AX/AE		2/3/9	
XEFE NEGOC.REC.MUNIC. E CONTA XERAL	22	A2/C1	1	9.389,30	N	C.		AX/AE		2/3/9	
XEFE NEGOC.CONT.ANAL. E PATRIMONIAL.	22	A2/C1	1	9.389,30	N	C.		AX/AE		2/3/9	
XEFE NEGOCIADO FACTURAS	22	A2/C1	1	9.389,30	N	C.		AX/AE		2/3/9	
TECNICO XESTIÓN ECON.-FINANCEIRA	21	A2	1	7.638,86	N	C.		A.E.		2	
ADMINISTRATIVO ADMÓN. XERAL	19	C1	5	6.252,40	N	C.		A.X.		3	
AUXILIAR ADMÓN. XERAL	16	C2	2	5.615,75	N	C.		A.X.		4	

**ENXEÑERÍA E MANTEMENTO**

XEFE DE SERVIZO ENXEÑERÍA E MANTEMENTO	28	A1	1	27.832,66	S	C.		A.E.	Enxeñeiro Industrial.		ESPECIAL DEDICACIÓN
AUXILIAR ADMÓN. XERAL	16	C2	1	5.615,75	N	C.		A.X.		4	
OFICIAL OPERARIO SERVIZOS	16	C2	2	7.822,38	N	C.		A.E.		4	

OPERARIO/A OFICIOS VARIOS	13	E (L.30/84)	1	4.542,26	N	C.		A.E.	5	
ENXEÑEIRO TÉCNICO	21	A2	1	7.638,86	N	C.		A.E.		

**ESTRUTURA E**  
**ÓRGANOS DE**  
**GOBERNO**

ASESOR	28	A1	1	36.557,12	E	EVENT					ESPECIAL DEDICACIÓN
TÉCNICO	26	A1	2	26.648,39	E	EVENT					ESPECIAL DEDICACIÓN
TÉCNICO	24	A1	4	25.545,91	E	EVENT					ESPECIAL DEDICACIÓN
TÉCNICO	21	A2	4	16.022,04	E	EVENT					ESPECIAL DEDICACIÓN
ADMINISTRATIVO	19	C1	9	12.947,37	E	EVENT					ESPECIAL DEDICACIÓN
AUXILIAR	16	C2	10	11.278,78	E	EVENT					ESPECIAL DEDICACIÓN
AUXILIAR	16	C2	7	5.615,75	E	EVENT					
SECRETARÍA PARTICULAR DEPUTADOS, PRESIDENTES COMISIÓNS INFORMATIVAS E ASIMILADOS	18	C2/C1	9	12.606,61	N	L.D.		A.X.	3/4		ESPECIAL DEDICACIÓN

**FISCALIZACIÓN**

XEFE SERVIZO	28	A1	1	27.832,66	S	C		A.X.	1		ESPECIAL DEDICACIÓN
XEFE SECCIÓN 1	24	A1/A2	1	14.045,70	S	C.		AX/AE	1/2/9		
XEFE SECCIÓN 2	24	A1/A2	1	14.045,70	S	C.		AX/AE	1/2/9		
XEFE NEGOCIADO (RECURSOS PROPIOS)	22	A2/C1	1	9.389,30	N	C.		AX/AE	2/3/9		
XEFE NEGOCIADO F. PERSOAL	22	A2/C1	1	9.389,30	N	C.		AX/AE	2/3/9		
XEFE NEGOCIADO F. PLANS	22	A2/C1	1	9.389,30	N	C.		AX/AE	2/3/9		
XEFE NEGOCIADO I (REC. OUTROS ENTES PÚB.)	22	A2/C1	1	9.389,30	N	C.		AX/AE	2/3/9		
XEFE NEGOCIADO F. SUBVEN.	22	A2/C1	1	9.389,30	N	C.		AX/AE	2/3/9		
XEFE NEGOCIADO F. CONVEN.	22	A2/C1	1	9.389,30	N	C.		AX/AE	2/3/9		
TÉCNICO XESTIÓN ECON.-	21	A2	1	7.638,86	N	C.		A.E.	2		



FINANCEIRA										
TÉCNICO XESTIÓN TRIBUTARIA	21	A2	1	7.638,86	N	C.		A.E.		2
TÉCNICO XESTIÓN ADMÓN. XERAL	21	A2	2	7.638,86	N	C		A.X.		9
ADMINISTRATIVO ADMÓN. XERAL	19	C1	13	6.252,40	N	C.		A.X.		3
AUXILIAR ADMÓN. XERAL	16	C2	2	5.615,75	N	C.		A.X.		4

### FOGAR INFANTIL

#### EMILIO ROMAY

DIRECTOR/A	22	A1	1	20.102,30	N	C.		A.E.	Lic. Psicología, Pedagogía, Psicopedagogía		ESPECIAL DEDICACIÓN HABILITACIÓN ANTICIPOS DE CAIXA FIXA
PSICÓLOGO/A	22	A1	1	4.238,43	N	C.		A.E.	Lic. Psicología		1/2 XORNADA
EDUCADOR/A	19	C1	5	10.143,31	N	C.		A.E.	Técnico Superior Educ. Infantil		QUENDAS DE 24 HORAS
EDUCADOR/A TITOR/A	19	C1	4	6.252,40	N	C.		A.E.	Técnico Superior Educ. Infantil		
ADMINISTRATIVO ADMÓN. XERAL	19	C1	1	7.170,40	N	C.		A.X.		4	HABILITACIÓN ANTICIPOS DE CAIXA FIXA
COCIÑEIRO/A	15	C2/E (L.30/84)	3	11.609,54	N	C.		A.E.		4	
AUXILIAR EDUCADOR/A	16	C2	30	10.144,87	N	C.		A.E.		4	FESTIVIDADE, TURNICIDADE (2 OCUPADAS POR CELADOR/A)
CELADOR/A	14	E (L.30/84)	10	10.144,87	N	C.		A.E.		5	FESTIVIDADE, TURNICIDADE
